

Nacemento e evolución da Universidade de Vigo (1989-2014). Un motor para as tres cidades do sur de Galicia.

***The Birth and Evolution of the University of Vigo (1989-2014).
A driving force behind the three cities in the south of Galicia***

*Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo*

RESUMO: Este traballo é un intento por analizar a breve e recente historia da Universidade de Vigo, (1990-2015), empezando por factores contextuais das décadas anteriores que favorecen o nacemento da institución, para entrar de seguido na evolución da vida universitaria, agrupando os temas en cinco áreas: aspectos organizativos e de goberno democrático da universidade; campus, centros, titulacións, docencia e alumnado; profesorado e investigación; financiamento; Servizos á Comunidade, P.A.S. e extensión universitaria (Cultura, deporte, proxección social, normalización lingüística, servizos a estudantes e comunidade en xeral).

O proceso de democratización consistiu nun alto nivel de participación da comunidade universitaria, tanto no feito de dotarse dunha normativa de funcionamento, como nas decisións de xestión, incluída a elección dos sucesivos órganos unipersoais e colexiados de goberno. Os tres campus que integran a Universidade fóronse configurando coa transformación de centros e titulacións transferidos pola USC, así como coa creación doutros novos, que supuxeron un incremento constante de estudantes nos anos noventa, ata a cifra tope de mais de 30 000 no fin do século, e unha redución de títulos de primeiro e segundo ciclo nos últimos anos, dentro do proceso de aplicación das normas derivadas do EEES, compensado pola creación de novos estudos de posgrao e doutoramento. O número de estudantes tamén se reduciu pois o tamaño dos grupos nestes novos estudos é mais reducido. O cadro de profesorado practicamente triplicouse neste tempo, cun proceso de formación de doutores intenso e non exento de atrancos. Ademais das teses, a produción investigadora e de transferencia, de moitos grupos consolidados é salientable, especialmente en ámbitos da ciencia e da tecnoloxía.

Todos estes esforzos nun marco orzamentario que poucas veces supuña unha aposta decidida por crear un Sistema Universitario Público Galego e de Calidade. Situación agravada nos últimos anos no escenario dunha política de recortes, que xera unha situación deficitaria no soporte da docencia e investigación. Ao longo dos 25 anos a Universidade foise dotando de servizos básicos de apoio á docencia, a investigación e á proxección social da universidade,

engadindo áreas recentes como a Igualdade ou o Medio Ambiente para completar o cadro de servizos clásicos.

PALABRAS CLAVE: Política Universitaria, plans de financiamento, mapa titulacións, profesorado e investigación, Servizos á comunidade.

ABSTRACT: This article analyzes the brief and recent history of the University of Vigo, (1990-2015), starting with contextual factors from previous decades which gave rise to the birth of the institution. It goes on to discuss the evolution of university life with the main themes being grouped into five areas: aspects related to organization and the democratic governance of the university; the campus, centers, degree programs, education and student body; faculty and research; financing; Community Services, Administrative and Services Staff and extension courses (Culture, sports, social projection, linguistic standardization, students and the community in general).

The democratization process had a high level of participation from the university community, in terms of both creating operational regulations and making management decisions, including the election of the successive governing bodies and officers. The three campuses that make up the University were established upon the transformation of the centers and degree programs transferred by the University of Santiago de Compostela, in addition to the creation of other new centers. This represented a continued increase in students in the 1990s, reaching a maximum number of over 30 000 at the end of the century. Also noteworthy was the decrease in the number of associate and undergraduate degrees awarded in the last few years, owing to the application of the European Higher Education Area (EHEA), which has been compensated for by the creation of new postgraduate or doctoral degrees. The number of students also dropped owing to the fact that the groups in these new study programs were smaller in size. The teaching staff nearly tripled in this time period, with an increase in doctoral programs which had their share of problems. In addition to dissertations, also of interest are research and knowledge transfer activities of many notable, well-established groups, especially in the fields of science and technology.

All of these efforts were carried out in a budget framework that seldom led to a determined commitment to create a Quality Public University System in Galicia. A situation aggravated in recent years by government cutbacks, which has made for a tight situation in terms of support available to education and research. Over the course of its 25 years of history, the University has been provisioned with the basic services to support teaching, research and the social projection of the university, with the recent addition of areas such as Equality and Environment to complete the list of general services.

KEY WORDS: University policy, Financing schemes, Degree programs, Faculty and Research, Community Services

Contribuír a este monográfico de Sarmiento coa análise da institución da que un forma parte ten os seus riscos. Primeiro, porque os procesos de desenvolvemento da universidade aínda están quentes, por non dicir que moitos seguen no forno, sen poder aínda precisar con rigor histórico se o segredo está na masa, na amasada, na temperatura do forno, nas decisións ou actuacións dos cociñeiros, ou nos gustos e eleccións dos demais participantes. Segundo, porque quen escribe estivo e está implicado desde diferentes

posicións no devir desta institución, e non é que un participe do mito da obxectividade, pero si é consciente que pode darse unha diferenza notable na abordaxe dun determinado tema en función da proximidade que con el se teña. A óptica que poda ter como docente e investigador nun momento, como integrante da Plataforma Pro-Campus de Ourense nos inicios, como Decano de centros noutras ocasións, como Vicerreitor ou membro do Consello Social, ou do Consello Galego de Universidades en distintas etapas, é unha óptica que cambia polo menos de perspectiva. Certo que este risco tamén pode verse como unha grande oportunidade de contribuír a esta historia dun cuarto de século da Universidade de Vigo, achegando esas múltiples perspectivas, nucleadas en torno a unha mirada que si pode ter continuidade no tempo, que é a visión como claustral que fun durante todas as lexislaturas, e membro da Xunta de Goberno, e de moitas das súas comisións, nos primeiros 15 anos.

Con esta perspectiva, e botando man das fontes que como historiador da educación fun gardando –e daqueloutras que amablemente me deixaron consultar nos fondos da Universidade–, pretendo analizar esta breve e recente historia da Universidade de Vigo, empezando por factores contextuais das décadas anteriores que favorecen o nacemento da institución, e centrándome logo na evolución da vida universitaria, agrupando os temas en cinco áreas: aspectos organizativos e de goberno democrático da universidade; campus, centros, titulacións, docencia e alumnado; profesorado e investigación; financiamento; Servizos á Comunidade, P.A.S. e extensión universitaria (Cultura, deporte, proxección social, normalización lingüística, servizos a estudantes e comunidade en xeral); e establecendo unha estruturación temporal en catro etapas: período constituínte, posta en funcionamento do primeiro mapa de titulacións; cambio de planos de estudos e novas titulacións no 2000; adaptación ao EEES.

Contexto académico e normativo nas décadas anteriores á creación da Universidade de Vigo.

A transformación da Universidade de Santiago nas tres Universidades galegas actuais prodúcese mediante o Decreto de segregación de xaneiro de 1990,¹ ao abeiro da Lei Ordenación do Sistema Universitario Galego, pero as condicións que fixeron posible esta maioría de idade das novas Universidades de Vigo e Coruña viñéronse fraguando ao longo das décadas anteriores, desde que o franquismo na súa etapa final emprendeu medidas para dar resposta ao crecemento acelerado da demanda de estudos universitarios, e desde que os gobernos democráticos, no plano estatal, afrontaron os procesos de cambio e democratización das universidades, coa aprobación da LRU e normas que a desenvolven.

A Universidade franquista dos anos corenta só atendía a unhas elites minoritarias, e nunhas estruturas académicas medievais, distanciándose progresivamente de Europa,

¹Decreto 3/1990, de 11 de xaneiro, de segregación das tres universidades galegas, que desenvolve a lei 11/1989, de 20 de xullo, de ordenación do Sistema Universitario Galego. O delegado do Rector en Vigo, Luís Espada Recarey foi nombrado Rector en outubro de 1989, e con el pasaron a formar parte da Comisión de Goberno cinco profesores, un deles delegado do Rector en Ourense, Jesús de Juana López.

que apostaba pola educación e o coñecemento como saída da grande confrontación bélica. En 1940, apenas un 7% da poboación accedía á universidade, o que supón unha taxa de pouco máis de 140 universitarios de cada 100.000 habitantes.² Galicia contaba cunha taxa de 131. Mentres Vigo se aproxima á media galega, a provincia de Ourense, que quedará no territorio xeográfico da Universidade de Vigo, contaba con menos de 100 universitarios por cada 100.000 habitantes (427 universitarios nunha provincia maioritariamente rural, que perdería poboación ao longo de todas as décadas do franquismo).

Nas décadas dos sesenta e setenta, fóronse introducindo certos cambios, encamiñados a dar resposta á crecente demanda de estudos universitarios, posto que as 12 Universidades existentes desde a lei de 1943 víanse desbordadas de estudantes. Por cada 100.000 habitantes, o Estado español pasaba a ter en 1980 a cifra de 1.270 universitarios, Galicia 910 e Ourense 720.³ O crecemento tíñase producido non só nas Facultades universitarias clásicas, senón especialmente nos centros que se ían incorporando de novo, tanto Escolas Universitarias como Escolas Técnicas Superiores, centros nos que a área de Vigo tiña unha alta representación. Os datos que Rubén Lois presenta para a Universidade de Santiago en 1978 son os seguintes: 18.072 estudantes en Facultades, 5.191 nas Escolas de Formación do Profesorado, 973 en Estudos Empresariais, 2.135 nas Escolas de Enxeñería Técnica e 445 nas técnicas superiores, o que dá un total para Galicia de 26.816 estudantes.⁴

No período intermedio de 1965, cando se emprenderon certos cambios normativos e estruturais no ensino universitario, a UNESCO rexistraba a cifra de 355 universitarios por cada 100.000 habitantes a nivel de estado español, mentres Francia andaba polos 940, Bélxica e Suecia por volta dos 800 e mesmo Italia superaba os 500.⁵ En Galicia temos datos de 1960, coa taxa de 200, sendo a de Ourense de 70, inferior a do comezo da ditadura.⁶ Mentres as universidades clásicas, dentro dos límites impostos polo franquismo tentaban abrir algunhas

² Antón Costa, *Historia da Educación e da Cultura en Galicia. Séculos IV-XX*, (Vigo: Edicións Xerais, 2004), 1069.

³ Na obra coordinada por Agustín Requejo e Xosé M. Cid, en 1989, ofrécense cifras diferentes sobre este particular. As que damos aquí recóllense dun cadro da páxina 102, elaborados a partir do censo por Carmen Benso. Os datos da páxina 142, extraídos do *Statistical Yearbook* da UNESCO (1983), sitúan a proporción para o Estado Español en 1822, no posto 13 a nivel mundial, e Galicia perto dos 1500. Facendo contas parécenos esaxerada esta cifra, e aínda así está por baixo de Italia, Bélxica, Francia, Xapón, Austria e outros países que pasaban dos 2000 estudantes por 100.000 habitantes. Cfr. Agustín Requejo e Xosé M. Cid (coords): *Educación e sociedade en Ourense* (A Coruña: Edicións do Castro, 1989). Se tomamos como referencia a matrícula do curso 1980/81, de algo máis de 30.000 estudantes para unha poboación que se achega aos tres millóns en Galicia, a proporción andaría lixeiramente por enriba dos 1.000 universitarios. Dado que hai un crecemento anual constante, en función do ano ou do curso que tomemos como referencia, esa cifra pode variar, pero non se alonxa moito dos 1.000 estudantes por 100.000 habitantes cando comeza a década dos oitenta. O desaxuste dos datos ofrecidos pola UNESCO poden deberse a considerar estudantes de Conservatorios e outras áreas de ensino superior non universitario.

⁴ Rubén Lois, *A Universidade (1960-1992)* (Vigo: Xerais, 1994).

⁵ Agustín Escolano, *La educación en la España contemporánea* (Madrid: Biblioteca Nueva, 2002), 185.

⁶ Carmen Benso, "Escolarización e sociedade: modalidades, niveis e funcións da escolarización na sociedade ourensá franquista", en *Educación e sociedade en Ourense*, eds. Agustín Requejo e Xosé M. Cid (A Coruña: Edicións do Castro, 1989), 101-102.

portas a Europa, como é o caso da Universidade de Salamanca,⁷ o rural galego, que agardaba á creación de novas universidades para poder acceder a elas, abría as portas de Europa pero para emigrar. Parecía quedar aínda algo lonxe a apertura das portas do ensino superior para este sector da mocidade.

O que si se perfila nas cidades de Vigo, Ourense e Pontevedra é unha tendencia indicativa do que serán os eixos dos futuros Campus da Universidade: A Enxeñería Técnica Industrial, funcionando desde 1930, será o xermolo dun Campus en Vigo con forte compoñente politécnico; Pontevedra, cunha Escola de Maxisterio, asociaba o seu futuro ao de Vigo, pola súa proximidade, mentres Ourense con outra Escola de Maxisterio, que superaba os 2.000 estudantes no curso 1963/64, deu pé aos planificadores do Sistema Universitario Galego para pensar nun campus especializado en Ciencias Sociais. Este feito foi moi contestado pola Plataforma Pro-Campus creada a mediados dos oitenta,⁸ considerando que ese perfil non faría máis que confirmar a discriminación histórica de Ourense nas oportunidades de acceso a unha educación superior diversificada e sen trabas económicas para as clases populares, maioritariamente rurais. A mobilización cidadá, como se poderá apreciar no mapa de titulacións definitivo, deu os seus froitos.

A pesares deste crecemento universitario nas últimas décadas do franquismo, e debido a que en realidade non se cambiou o modelo de universidade, aínda estaban por vir o proceso de democratización no acceso dos xoves aos estudos universitarios. A década dos oitenta permitiría duplicar o número de estudantes nas universidades do Estado, superando amplamente o millón de universitarios/as, e na década dos noventa, máis de millón e medio.

Galicia, no curso anterior á segregación das tres universidades, ten matriculados na Universidade de Santiago 50.259 estudantes,⁹ e as tres Universidades galegas sumarían, ás portas do ano 2000, máis de 97.000.¹⁰ Nese momento xa podemos falar dunha proporción importante de estudantes universitarios por 100.000 habitantes, por enriba dos 3.500. Xa é unha cifra aceptable, aínda que non excesiva como para xustificar reaccións conservadoras, que piden maior control do acceso á Universidade, coa escusa de que se baixa moito o nivel.

Este proceso de crecemento da Universidade no Estado español, e particularmente en Galicia, ten moito que ver, como sinalamos anteriormente, coas medidas adoptadas a partir dos anos sesenta polos gobernos de corte tecnocrático do réxime franquista, forzadas en boa medida por importantes movementos sociais e estudantís, que demandaban cambios máis profundos, aínda que se farían agardar. Cambios que si afrontarían os gobernos do PSOE nos anos oitenta, no sentido da democratización, pero que seguían a ser tímidos na construción dun verdadeiro servizo público de ensino superior. Superada a controversia

⁷ Sara González Gómez, "Proyección e internacionalización de los estudios en la Universidad española del franquismo. Revisión de la realidad de la Universidad de Salamanca", *Espacio, Tiempo y Educación* 1, nº 2, (xullo-dicembro 2014): 89-112.

⁸ Manuel González Lorenzo (coord.), *Una alternativa para la Universidad de Orense* (Ourense: Confederación de Empresarios, 1989).

⁹ Luis Espada, *La Universidad de Vigo. Antecedentes y etapa constituyente* (Vigo: Fundación ProVigo, 1995), 33.

¹⁰ Antón Costa, *Historia da Educación e da Cultura en Galicia*, 1089.

autoritarismo-democracia, medraba a contraposición entre a universidade ao servizo do coñecemento ou a universidade ao servizo do mercado. Novo escenario que sintetiza de maneira maxistral Herminio Barreiro na súa contribución ao X Coloquio de Historia da Educación. Despois de ofrecernos unha lectura lonxitudinal e transversal de Giner, Ortega e Lerena, conclúe: “Hoy, en 1998, la coyuntura no es cualitativamente muy distinta. Podríamos decir que estamos ‘técnicamente’ mejor, pero ‘políticamente’ peor”.¹¹

Este cambio de rumbo arrincaría do propio xiro que dá o franquismo á educación universitaria nos anos sesenta, mediante decretos, ordes e disposicións que matizaban o ideario tradicional, sen reformas estruturais, pero respondendo ao novo modelo tecnocrático, que alimenta o discurso, aínda hoxe vixente, de adaptar o aparato escolar ao desenvolvemento socioeconómico, para producir a man de obra cualificada que demandaba o mercado de traballo. Os axustes do sistema aparecen ben definidos na tese de doutoramento de Sara González sobre a Universidade de Salamanca:

La universidad de los cincuenta y sesenta introdujo cambios en sus planes de estudios; se ampliaron secciones y se crearon nuevas facultades; apareció la figura del profesor agregado como entidad intermedia entre el catedrático y el adjunto, en un intento por minimizar la corrupción en los tribunales y mejorar las condiciones salariales; se inició el proceso de creación de los departamentos; se pusieron en marcha una serie de medidas para fomentar y animar el adormecido panorama de la investigación en la universidad; se asignaron mayores dotaciones presupuestarias, etc.¹²

Cambios que como indica a propia autora¹³ foron, por norma, máis nominais que operativos. Na superficie observamos os primeiros e tímidos pasos cara unha adaptación da institución ás necesidades do momento; sen embargo, no fondo tradúcense en reformas bastante superficiais nunha universidade que mantén a súa estrutura decimonónica.

Co nomeamento de Villar Palasí para o Ministerio de Educación, téntase de maneira máis seria a planificación do ensino superior e a súa expansión territorial, pasando de 12 a 23 Universidades no quinquenio 1968-73.¹⁴ Aínda se crearían 7 máis no quinquenio anterior á aprobación da LRU en 1983. A esas 30 universidades engádense os colexios universitarios propios das universidades ou adscritos ás mesmas, regulados pola Lei de Educación de 1970¹⁵, o que permite a extensión da educación superior. Nesta situación está a realidade universitaria galega que conta desde o curso 1972-73 con catro colexios universitarios, en Lugo, A Coruña, Ourense e Vigo, estando estes dous últimos entre os antecedentes inmediatos da Universidade de Vigo.

¹¹ Herminio Barreiro, “Tres calas en las teorías de vanguardia sobre la educación superior en España: Giner de los Ríos, Ortega y Gasset, Carlos Lerena”, en *La Universidad en el siglo XX (España e Iberoamérica)* (Murcia: SEDHE e Universidad de Murcia, 1998), 78.

¹² Sara González Gómez, *La Universidad de Salamanca durante el franquismo (1956-1968)* (Facultad de Educación, Universidad de Salamanca, 01/2013), 104. Tesis Doctoral

¹³ *Ibid.*, 783

¹⁴ Diego Sevilla, “El crecimiento de la universidad española en el último tercio del siglo XX. Un comentario desde la política educativa”, en *La Universidad en el siglo XX*, 305

¹⁵ Carmen Labrador e Ángela del Valle, “Los Colegios Universitarios ante la masificación de la Universidad”, en *La Universidad en el siglo XX*, 195-203

Os centros que a partir da Lei Villar, e co impulso democratizador dos anos oitenta, se irán engadindo ás cidades de Vigo, Pontevedra e Ourense para asentar sobre eles a Universidade de Vigo son os que recolleemos na Táboa I.¹⁶ En primeiro lugar, as centenarias escolas normais de Maxisterio de Ourense e Pontevedra, que se converteron en Escolas Universitarias en virtude da devandita norma; a tamén histórica Escola de Enxeñería Técnica Industrial de Vigo, que era un indicio do interese que terían o sector tecnolóxico –de feito antes da segregación xa se irán creando as Escolas Técnicas Superiores de Enxeñeiros de Telecomunicacións– neste campus; os colexios universitarios de Vigo e Ourense, que se creaban cos primeiros ciclos de facultades de Santiago, e presentarían serias dificultades no momento da segregación, por pretenderse evitar a repetición de titulacións nas novas universidades (non foron problema os estudos de Económicas e Empresariais, que xa antes da segregación formaron a segunda Facultade cos cinco anos); o mesmo que acontece coas Facultades de Económicas e Empresarias, pode aplicarse ás diplomaturas dese ámbito, que transformaron as vellas Escolas de Comercio, tanto en Ourense como en Vigo (en 1920 naceu como Escola Pericial de Comercio, e en 1932, transformouse en Profesional de Comercio).

¹⁶ O número total de estudantes varía según diversas fontes, probablemente debido a que se consideren ou non os centros adscritos. A matrícula do curso 1988-89 pode verse en Luis Espada, *La Universidad de Vigo*, 348. Sen embargo na páxina 33 indica que nos centros que pasarían á Universidade de Vigo había 8.900 alumnos entre centros integrados e adscritos, cifra inferior á suma da matrícula dos centros que presenta nesa páxina 348, que nos parece máis correcta. No curso seguinte, no que ten lugar a segregación, o número de estudantes superaba os 11.500.

Táboa I

Centro	Titulacións	1º ano funcionamento	Campus	Nº estudantes Ano 1989	Director/a
E. U. de F. do P. EXB		1841	Ourense	720	Ramón A. Fernández Sobrino
E. U. de F. do P. EXB		1845	Pontevedra	830	Gerino Calvo
Escola de Enxeñaría Técnica Industrial		1901	Vigo	1250	José Pose
Colexio Universitario	Bioloxía	1972-73	Vigo	291	Luisa Andrade Couce
	Química			189	
	Filoloxía H			620	
	Filoloxía R				
	Filoloxía Xermánica				
	TOTAL			1090	
Colexio Universitario	Bioloxía	1973-74	Ourense	62	Xosé Manuel Cid
	Farmacía (1º)			82	
	Química			18	
	Pedagogía			124	
	Psicoloxía				
	Historia			151	
	TOTAL			437	
E. T. S. de Enxeñeiros Industriais		1976-77	Vigo	750	Pedro Merino
E. U. de E. Empresariais		1986-87	Vigo	1397	Antonio Vaamonde
E. U. de E. Empresariais		1986-87	Ourense	685	Dolores Rivero
E. T. S. de Enxeñeiros de Telecomunicación		1987-88	Vigo	653	Domingo Docampo
Facultade de Ciencias E. e Empresariais	Empresariais	1987-88	Vigo	1899	Manuel Varela
	Económicas				
E. U. Graduado Social		1970-71	Vigo (ads)	1444	
E. U. Enfermería			Pontevedra (ads)	177	
E. U. Enfermería		1989-90	Ourense (ads)	132	
E. U. Enfermería		1988-89	Vigo (ads)	191	
E. U. de F. do P. EXB			Vigo (ads)	317	
TOTAL ESTUDANTES C. PUBLICOS				9.711	
TOTAL ESTUDANTES C. ADSCRITOS				2.261	
TOTAL VIGO				8991	
TOTAL OURENSE				1974	
TOTAL PONTEVEDRA				1007	
TOTAL UNIVERSIDADE				11972	

O labor de democratización no marco da teórica autonomía universitaria

Democracia e autonomía son dous conceptos que nos dez anos anteriores á segregación das Universidades galegas tiñan penetrado con forza as paredes dos claustros. Así o manifestaba Mariano Peset nun coloquio sobre a Universidade:

Más de cien anos, si contamos desde a revolución de 1868, para que se aplicase la idea: para que los políticos dejaran un ámbito exento a los universitarios. Hasta la configuración de unas universidades, en donde el poder se elija por la comunidad académica... En que se otorgue capacidad a los docentes para formar los planes y explicar con libertad sus ideas y marquen la delimitación de contenidos, para que puedan seleccionar el profesorado, para que puedan administrar y decidir su economía... Ahora con la presencia de los alumnos y el personal no docente.¹⁷

Pero democracia e autonomía non son destinos finais aos que chegar, senón elementos definitorios do propio camiño, con todas as súas interrelacións dialécticas coas demais compoñentes que entran en xogo. A democracia do primeiro terzo do século XX tivo tamén os seus retos nos niveis educativos elementais: confrontar os conceptos de escola única, pública, activa e laica¹⁸ cos seus opostos. O novo escenario democrático de fin de século non vai estar exento de conflitos. Democratización na universidade conleva o respecto pola tan ansiada autonomía universitaria, ao tempo que implica rendición de contas e máxima transparencia na xestión do servizo público de ensino superior.

Os dilemas neste novo escenario van ser outros, algúns probablemente relacionados e nunca ben resoltos. Referímonos ás contradicións que se poden dar entre: máis autonomía/dependencia, máis servir ao país/máis internacionalización, máis servizo público/máis concesións ao mercado, ou máis énfase na docencia/máis énfase na investigación, por sinalar só algúns dilemas centrais do novo debate.

Non é o noso propósito afondar aquí en todas estas cuestións, senón facelas explícitas para relativizar os logros en democratización e autonomía. O lexislador e o gobernante, nos distintos niveis de organización política, sempre teñen mecanismos para “condicionar” a política universitaria, establecendo e modificando as regras de xogo, cada vez que as maiorías sociais deciden que gobernen uns partidos ou outros, con maior ou menor interese polas cuestións educativas e culturais, con maior ou menor vontade de defensa do público, con máis ou menos cálculo do voto que se xogan na universidade pública.

Falamos por tanto de autonomía relativa da universidades con respecto aos distintos gobernos e grupos de presión social, pero tamén dentro das mesmas, de culturas diferentes á hora de definir cara onde nos ten que levar esa autonomía, pois igualmente no interior

¹⁷ Mariano Peset, “Centralismo y autonomía en las universidades (siglos XIX y XX)”, en *La Universidad en el siglo XX*, 33

¹⁸ Herminio Barreiro, “Lorenzo luzuriaga: una biografía truncada (1889-1959)”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 15 (2011): 189. Reproducido de *Castellanos sin mancha: exiliados castellano-manchegos tras la guerra civil*, ed. J. A. Díaz (Madrid: Celeste, 1999), 31-42. “Una escuela única y no dividida. Una escuela activa y no pasiva. Una escuela pública y no privada. Y una escuela laica y no confesional. Ese era el objetivo”, afondaba na idea noutro artigo recollido no número monográfico de homenaxe de *Sarmiento*, 193.

da universidade as reservas de votos poden inclinar cara un lado ou outro as decisións de goberno da academia.

A nova Universidade de Vigo dos anos noventa xa non se debate nos problemas que atravesaron as universidades nas décadas anteriores. Algunhas cuestións xa estaban resoltas. A liberdade de cátedra, a participación da comunidade universitaria, a presentación de contas no claustro. A aprobación de políticas e planos plurianuais coa participación de centros, departamentos, colectivos, órganos de goberno colexiados, xa non se puñan en cuestión; polo tanto a democratización era xa un feito que nos viña dado, pero iso non significa que, por decisións internas ou externas, non se corran riscos de volta atrás en moitos destes asuntos.

Nestes 25 anos na Universidade de Vigo elixíronse sete claustros, e seis equipas de goberno distintas. De cinco reitores que gobernaron a institución, só un foi referendado para un segundo mandato, pois os demais ou non o intentaron –Luís Espada e Alberto Gago–, ou non resultaron elixidos –José Antonio Rodríguez Vázquez–, ou non temos criterio histórico, no caso de Salustiano Mato, por ser aínda deste mesmo ano a súa reelección para os vindeiros catro anos. En todo caso, a equipa é significativamente diferente á da lexislatura 2010-14.

Nos dous mandatos intermedios, Domingo Docampo foi elixido en 1998 e reelixido en 2002, mantendo unha equipa bastante estable. Non foi sinxelo, pois repetiu co 51.31% de votos ponderados. El mesmo mostraba a súa sorpresa polos resultados,¹⁹ pois temía ser vítima da recentemente aprobada LOU. Esta lei era o primeiro gran golpe á autonomía universitaria nas últimas décadas. Por iso as reflexións sobre a mesma centraron boa parte dos discursos institucionais e entrevistas en xornais. Extraemos do discurso de apertura do curso 2005-06, cando xa expiraba o seu segundo mandato, esta reflexión que tan ben define o sentido que quixo dar a autonomía universitaria:

A nosa resposta pasa por estarmos sempre preparados para render contas á sociedade sobre o uso dos recursos que poñen á nosa disposición. Por esa razón, no exercicio da Autonomía Universitaria, faríamos ben en non dar a esquecemento os principais factores de éxito de calquera corporación, que me atrevo a resumir en catro grandes compromisos: fidelidade aos sinais de identidade, sensibilidade fronte ás demandas da sociedade, valentía na adopción de políticas innovadoras e prudencia na xestión financeira.²⁰

Desde esa interpretación responsable da autonomía universitaria, intentou dotala de contido en moitas outras intervencións, nas que reclamaba menor inxerencia dos gobernantes. En novembro de 2004, nun seminario da cátedra UNESCO sobre a LOU, referíase á autonomía universitaria como principio constitucional “tantas veces conculcado con lexislación que parte del principio de la desconfianza en el correcto uso de dicha autonomía por las universidades.”²¹ Xa con anterioridade o tiña dito, e con máis precisión, apuntando aos factores políticos e ideolóxicos que están detrás destas inxerencias:

¹⁹ “Domingo Docampo reelegido Rector de la Universidad de Vigo”, *El País* (8 de maio de 2002).

²⁰ Domingo Docampo, *Os anos do Reitorado* (Vigo: Consello Social da Universidade, 2006), 257

²¹ Domingo Docampo, “Cambiar la ley, cambiar la Universidad” (11 de novembro de 2004), en *Os anos do Reitorado*, 213.

Es asimismo encomiable la apuesta decidida por la Universidad en los años 80 y principios de los 90, que no ha tenido continuidad con la misma intensidad en años posteriores, con gobiernos de distinto signo. Los recientes acontecimientos en torno a la gestación de una nueva ley orgánica dan clara muestra del desencuentro entre las universidades y quien tiene las responsabilidades de gobierno en materia de Educación, al que hay que sumar el fiasco del Ministerio de Ciencia y Tecnología, que ha supuesto una decepción enorme en el mundo de la investigación.²²

A dialéctica permanente entre autonomía e control político xa fora, antes do mandato de Domingo Docampo, mencionada nas reflexións do presidente do Consello Social nos anos 90, Alfonso Zulueta. O Consello Social é precisamente ese órgano de participación da universidade na sociedade, e ao mesmo tempo un interlocutor da sociedade coa universidade, para garantir que esta responde ás expectativas que a cidadanía ten postas na institución académica. Por veces pode parecer un órgano meramente decorativo, pero non se pode esquecer que ten a última palabra na aprobación de orzamentos, prezos públicos de cursos de formación permanente, e está en posición privilexiada para trasladar aos poderes públicos as necesidades da universidade. Por iso precisamente, comprendemos a escusa non pedida do presidente, previndo do posible control que poden exercer desde o goberno autonómico:

Algunha vez acusouse ó Consello Social de que, a través dos representantes dos intereses sociais, houbera presións de política partidaria para influír nos seus acordos, o que de conseguir tales finalidades, suporía unha grave deslealdade de tales representantes no cumprimento das súas obrigas e dos xenuínos intereses e fins da institución universitaria... Por outra banda tamén puideran existir presións de política partidaria noutros órganos universitarios e hai que pensar que terían que reaccionar con liberdade e responsabilidade²³

Os mapas de titulacións, o financiamento da universidade, as taxas, os números clausus, os recortes, os conflitos de intereses, as prioridades da investigación, son asuntos en tensión permanente, sobre os que o poder político non quere ceder protagonismo ás universidades, agás no caso en que a escusa de que algo foi pedido pola universidade, ou pola sociedade, lle serva como única explicación dalgunha decisión que non teña outra explicación.

Os cambios de goberno na Universidade de Vigo foron demasiado frecuentes. Temas como os citados poden estar no fondo das decisións dalgún candidato de non presentarse. Posturas controvertidas diante dos mesmos, ou o esgotamento pola esixencia de moitos dos temas abordados. Permítaseme que non entre na valoración das eleccións de 1998, pois eu formaba parte dunha das candidaturas, e a miña análise pode ser moi parcial, pero cun pouco máis de distancia pódese ver a lexislatura de Luís Espada, que sumada ao período constituínte, estendeuse ao longo de catro anos, pero semella un mundo de tempo, pola cantidade de frontes aos que tivo que dar resposta. Inmediatamente despois de elixida a primeira Xunta de Goberno, presentou nunha sesión extraordinaria unha moción de confianza. Foy favorable, pero as seguintes etapas

²² Domingo Docampo, "Calidad en la Universidad. Ocho retos y once problemas para la Universidad" (13 de maio de 2002), en *Os anos do Reitorado*, 131.

²³ Alfonso Zulueta, "O Consello Social da Universidade de Vigo", en *25 años de Universidad en Vigo* (Vigo: Caixavigo, 1998), 174.

non foron precisamente en terreo chairo. Ás dificultades internas, había que sumar que, desde o exterior, as forzas vivas de Vigo lle lembraban que como ex-delegado do Reitor de Santiago non fora dos máis entusiastas da creación da Universidade de Vigo.²⁴ En Ourense non o tiña máis doado, pois latexaba a discriminación histórica que non tiña sido corrixida polo mapa de titulacións.

Os acontecementos tamén se levaron por diante ao sucesor de Domingo Docampo, o seu leal colaborador da segunda lexislatura, Alberto Gago. No proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, Docampo deixou o listón moi alto, por ser un dos grandes defensores do novo paradigma de aprendizaxe, e argumentar con criterios pedagóxicos do máis rigoroso, como se se tratase dun doutor en Ciencias da Educación. Este proceso ía saír caro á administración, sempre que asumise os custes que demandaba a nova concepción da Universidade. Para esixir, era necesario ese exercicio de responsabilidade de planificar con criterios de racionalidade. Non repetir máis graos dos que xa estaban repetidos no Sistema Universitario Galego; concentrar nun grao títulos que eran semellantes e se impartían na mesma Universidade, nos mesmos Campus; facer unha verdadeira aposta pola calidade, aproveitando que a cantidade xa tiña pasado o seu pico de crecemento.

Alberto Gago tivo unha lexislatura complicada, pois tocoulle reducir o número de titulacións, como medida asociada á implantación do EEES, que situaba coa mesma duración as anteriores diplomaturas e licenciaturas. No campo dos estudos empresariais, as vellas diplomaturas botaron un pulso que tivo moito custe para os defensores da fusión de títulos. En certo modo foi ademais desautorizado polo novo conselleiro, Jesús Vázquez²⁵ quen en 2009, no primeiro Consello Universitario que presidía, sacou da chistera catro títulos do ámbito económico-empresarial para os campus da Coruña, Vigo, Ourense e Lugo. Con distintas sortes, o ano seguinte estaban pasando acreditación eses títulos. Outra decisión difícil de explicar é a implantación dun grao e un pos-grao na Escola de Negocios de Caixanova, que supuña repetición nun centro adscrito de ensinanzas impartidas en centros públicos. Unha lexislatura así dificilmente se pode soportar e ter gañas de continuar.

Máis alá das traxectorias de reitores e equipas reitorais (Táboa II), convén referirse aos procesos de democratización do goberno da Universidade, que responderon desde o primeiro momento a un modelo de participación amplo, constituíndose en pouco tempo os órganos de goberno colexiados, no plano da dirección do conxunto da Universidade e no da dirección dos centros e departamentos.

²⁴ "El nacimiento de la Universidad de Vigo", *Faro de Vigo* (3 de decembro de 1999), 36.

²⁵ Rocío Suárez, "Rector de la Universidad de Vigo. Alberto Gago: 'No me parecía adecuado echar un pulso a la Xunta por el conflicto de Empresariales'", *La Región*, (7 de xuño de 2009).

Táboa II. Equipos de goberno da Universidade de Vigo nos seus 25 anos

Cargo	Etapa constituínte	1994-98	1998-2006	2006-10	2010-14
Reitor	Luis Espada	José A. Rodríguez	Domingo Docampo	Alberto Gago	Salustiano Mato
Sec. Xeral	Federico Vilas / Antonio Yaamonde	José L. Legido	Margarita Estévez/ Teresa Iglesias	Esther G. Piliado	Inmaculada Valelle
Investigación	Federico Vilas	José Tojo	Salustiano Mato	Manuel Reigosa	Asunción Longo
Investigación Campus Ourense					Victoria Jato
Transferencia/NNTT			Pedro Merino	Anxo Sánchez	J. A. Vilán
Profesorado	Xoán Leíceaga	Eusebio Corbacho / J. R. Berrocal	Javier de Vicente	Antonió García Pino	Margarita Estévez
Titulacións, O. A.		Carlos M. Peñalver / Manuel Piñeiro	Antón Fernández	Carmen García Mateo	
EEES					
Docencia, Innovación, Alumnado	Federico Vilas	J. Angel V. Barquero	Juan Suárez	Pedro Membiola	Ignacio Barcia
Relacións Institucionais,		J. Fernando de la Iglesia	Xavier Martínez	Iván Area	
RR Internacionais					Manuel Fernández
Cultura / Extensión Universitaria	Jesús de Juana	J. F. de la Iglesia/Xulio Pardellas	Xosé Manuel Cid/ Oscar Rubiños	Maruxa Cabeza	X. Henrique Costas
Economía	Jorge G. Gurrirán / A. Baamonde	José Pose	José M ^º da Rocha/ Alberto Gago	María Montero	José Manuel García
Planificación		José Barreiro		José Cidrás	
Xerencia	J. G. Gurrirán/ Antón Vidal	Jesús Graña/ Andrés Trillo	Xulio Taboada/ Tito Castro	Manuel Castro/ Ana F. Pulpeiro	Manuel F. Jauregui
Campus Ourense			Andrés Mazaira	J. F. Gálvez	María Lameiras
Campus Pontevedra	Jesús de Juana			Jesús Hernández	Antonia Blanco

Fonte: Elaboración propia a partir da bibliografía que vimos citando no texto.

A partir dunhas normas estatutarias moi provisórias, contestadas pola comunidade universitaria, iniciáronse os procesos electorais de Xunta de Goberno, Claustro, Consellos de Departamento e Xuntas de Centro, ao longo do primeiro ano da nova Universidade. O Reitor en funcións foi refrendado polo Claustro en xullo de 1991, continuando coa tramitación do proxecto de Estatutos. Unha vez rematados e rexeitados en parte pola Xunta de Galicia, quedouse nunha situación complexa ao acordar o Claustro levar ao contencioso as alegacións do goberno autonómico. Polo tanto un ano máis tarde da primeira elección de Reitor, prodúcese a dimisión que dá orixe a un novo proceso electoral, no que hai dúas candidaturas, que permiten dalgún xeito agrupar aos claustrais en dúas vertentes de opinión que se manterían ao longo da curta historia da Universidade. Luís Espada obtivo o respaldo de 108 votos; José Antonio Rodríguez, 100; e 37 votos non foron a ningunha das candidaturas. Estes votos brancos que na primeira volta eran 58, correspondían na maior parte ao Colectivo Nacionalista, que constituía unha terceira forza, presente nos tres sectores da comunidade universitaria, e con capacidade de orientar o goberno nunha ou outra dirección, pero que decidiu nesa ocasión optar pola abstención. Outro ano e medio duraría este mandato, pois resoltos os conflitos coa Xunta sobre o texto estatutario, publicouse a nova norma e convocáronse eleccións a finais de 1993.²⁶ O conflito latente era a autonomía da universidade para contratar figuras de docentes-investigadores, non contempladas na LRU, pero que permitisen formar profesorado de maneira urxente, ante o incremento acelerado de titulacións e alumnado.

Nas novas eleccións non se presenta Luís Espada, e o seu opoñente anterior, José Antonio Rodríguez Vázquez, liderando a Plataforma de Convergencia da Universidade de Vigo (PCUVI), obtivo a maioría absoluta diante da candidata Margarita Estévez, que estaba apoiada por GAUDE e polo Colectivo Nacionalista. Estes van a ser os dous modelos de universidade que se confrontarán en todos os procesos electorais da universidade ata o momento actual.²⁷ O segundo grupo, que pasará a denominarse Alternativa Universitaria, goberna a Universidade de Vigo desde 1998, cun programa baseado na recuperación dos referentes académicos, a apertura á sociedade e a dinamización dos órganos representativos, particularmente no Claustro, como eixo do goberno.²⁸ Certamente descoñecían a lexislación que ía vir co novo século, que deixa o Claustro como un elemento decorativo. Esta alianza, que non ten correspondencia mimética cos partidos políticos, puido sen embargo servir de modelo a algúns gobernos que se formarían nos Concellos, e no bipartito da Xunta. Tal vez o perfil que mellor a definía é o dun goberno de acordos estables entre sectores progresistas e nacionalistas. Isto non significa que estivesen todas as persoas

²⁶ Luís Espada recolle a data de constitución do Claustro, que o elixíu como primeiro Reitor electo, o día 11 de abril, e a publicación dos Estatutos, despois de pasar todos os trámites na Xunta de Galicia, foi no *D.O.G.* de 22 de outubro de 1993. Luís Espada, *La Universidad de Vigo*.

²⁷ Inicialmente foi un acordo programático moi elaborado, que deu certa estabilidade á Universidade. Co tempo suporía a disolución do grupo nacionalista, no seu sector de profesorado, dentro do grupo de Alternativa Universitaria, manténdose só no sector de Esstudantes e P.A.S. Isto supuxo un empobrecemento importante da pluralidade de concepcións da universidade, ao que se sumou a perda de protagonismo do Claustro, practicamente valeirado das súas funcións na lexislación aprobada no novo século polos gobernos centrais.

²⁸ Domingo Docampo, *Balance anual* (xullo de 1999).

destas ideoloxías detrás das candidaturas, pois as candidaturas da oposición, lideradas por José Tojo, José Luís Legido e finalmente por Jaime Cabeza, tiñan tamén militantes socialistas, sindicalistas e do BNG. Nas últimas eleccións de 2014 non se presentaron.

Financiamento incondicionado e servizo público.

Aínda que se deron coxunturas complexas en cada unha das etapas de goberno, un asunto de debate permanente foi o do financiamento. No primeiro curso, as nóminas do profesorado e persoal xestionábanse desde Santiago, mentres se dotaba de recursos humanos e materiais os Servizos Centrais das novas universidades. A Reitoría foi durante o primeiro ano un ático da rúa da Oliva no casco vello, habitáculo desde o cal era difícil imaxinarse que se podía xestionar unha universidade.

A segregación levou aparelado un plano de financiamento que se negociou nos primeiros meses de vida das tres universidades. O conselleiro no momento da aprobación destes documentos, Aniceto Núñez, facía referencia á importancia dos mesmos na súa colaboración ao libro conmemorativo dos 25 anos da creación dos colexios universitarios: "... primero ordenar el sistema universitario gallego, en base a la creación de dos nuevas universidades; luego, establecer un plan plurianual de financiación, que permitiera a las nuevas univesidades un desarrollo armónico y planificado, no sometido a los voluntarismos políticos, y, por último, consensuar un Mapa de Titulaciones, para evitar, en lo posible, las luchas fraticidas y localistas, tan arraigadas en nuestra tierra".²⁹

Cando Galicia conqueiru competencias en Universidades o módulo de pesetas/ estudante/ano era menor de 120.000 (uns 720 euros),³⁰ e antes da segregación (ano 1989) pouco superaba as 130.000 (menos de 800 euros), cifras ridículas ao lado das que recibían outras universidades do Estado, todas elas por encima das 200.000 pesetas. O propósito da Xunta no plano de financiamento era chegar ás 270.000 pesetas³¹ antes de 1997. Cifra superada pola Universidade de Santiago, pero non polas de nova creación.³²

Longo era o camiño por andar, pois ao funcionamento ordinario da institución, había que engadir a carencia das máis básicas infraestruturas para a docencia, a investigación e os servizos á comunidade. No Campus de Vigo, a universidade herda dous edificios históricos da rúa Torrecedeira, que pronto ían estar masificados co alumnado dos títulos alí impartidos; parte do edificio Cambón, na rúa da Oliva, compartido con dependencias da Xunta, para instalar alí a Reitoría, e un inmenso monte por urbanizar,³³ no que só se podía

²⁹ Aniceto Núñez, "A nueve años de aquellos duros, pero fecundos momentos", en *25 años de Universidad en Vigo*, 19.

³⁰ Sara Fernández e Alberto Vaquero, "El modelo de financiación de la Universidad Gallega 2011-2015: Previsión de fondos y balance", *Revista Galega de Economía* 22, nº 1 (2013), 74.

³¹ Luís Espada, *La Universidad de Vigo*, 134

³² Según Sara Fernández e Alberto Vaquero, "el año 1996, la transferencia real por alumno fue de 1.568 euros para la UDC y de 1.520 euros para la UVI, frente a los 1.664 euros de la USC" ("El modelo de financiación", 74).

³³ En 1998 aínda se estaba aprobando polo Concello de Vigo o Plan especial de infraestrutura viaria e equipamento docente. Joaquín Rolland Andrade, "La Universidad de Vigo, hoy", en *25 años de Universidad en Vigo*, 129.

ver o Colexio Universitario construído por Caixa Vigo, e o edificio de Enxeñería Industrial, construído pola Fundación Barrié. En Pontevedra e Ourense, os edificios de Maxisterio, ao que se engade neste último Campus o edificio acabado de inaugurar nas Lagoas, para o que quedaba de Colexio Universitario, xunto aos pavillóns do antigo hospital, nos que se ía instalando algún novo centro, como a Escola de Empresariais, e xa despois da segregación algún espazo moi provisorio para Informática.

Mentres se negociaban fondos específicos para dotar de infraestruturas e equipamentos necesarios nos tres Campus, a Xunta de Goberno a mediados de 1990 aprobaba o primeiro orzamento por un importe de case tres mil millóns de pesetas. Este orzamento en euros, suporía perto dos 18 millóns, mentres que o de 1999, antes de aprobar un novo plano de financiamento, xiraba ó redor dos 90 millóns de euros (conversión das cifras en pesetas da Táboa III). O módulo por alumno ano teríase achegado á cifra de 550.000 pesetas (máis de 3.300 euros). Con isto recortábase a distancia con respecto ao conxunto estatal, e suporía un crecemento constante, en boa medida favorecido polo importante crecemento de estudantes, que era máis do dobre do ano en que naceu a Universidade, e por unha certa vontade de reducir as distancias que historicamente tivo Galicia coa media estatal e aínda máis coa europea. Esta cifra aínda sería inxusta cos gobernos dos anos noventa, se non introducimos unha interpretación dos orzamentos, que relativizan moito os incrementos recollidos na táboa III. Ademais da transferencia incondicionada da Xunta, había moitas outras partidas presupostarias de apoio ás Universidades non contempladas nese capítulo. En concreto no bienio 1997-99, en que se tomaban acordos puntuais, mentres se elaboraba un novo plano de financiamento, as universidades recibirían 4.500 millóns de pesetas para inversións, e 660 millóns para reparacións, ampliacións e melloras³⁴. Non todo o orzamento destinado ás Universidades estaba na Consellería de Educación, pois algúns capítulos como a investigación estaba na Secretaría xeral correspondente, que aportou no ano 1998 máis de 2.500 millóns de pesetas ás Universidades do SUG.³⁵

Os plans de financiamento de 2000 a 2004 e de 2005 a 2010, manterían o ritmo de crecemento, a pesares da redución do número de estudantes. Aínda así o sistema segue a ser deficitario, pois débese pensar nunha universidade con máis funcións que a de impartir leccións maxistras. Dacordo con Sara González e Alberto Vaquero³⁶, o crecemento medio anual no SUG andivo en torno ao 16%, mentres no conxunto do Estado foi do 8.14%. Aínda así, a inversión media por estudante por parte da administración seguía a ser en 2008 superior no conxunto do estado (5.791 euros/estudante) que no SUG (5.408 euros).

Co novo plan 2010-2015, ante a falta de vontade de apostar por unha verdadeira universidade pública, a estratexia de comunicación centrouse en publicitar que se conseguiría

³⁴ Joaquín Rolland Andrade, 138.

³⁵ *Guía do Sistema Universitario de Galicia*, (Santiago: Xunta de Galicia 1998), 13.

³⁶ Sara Fernández e Alberto Vaquero, 76.

o 1% do PIB en 2015, e en que o asignado a cada Universidade ía depender do cumprimento duns obxectivos³⁷.

“II. Financiamento por resultados. a) Subvención por resultados: ... en función de contratos programa individualizados que se acordarán con cada unha das universidades asinantes. No período de vixencia deste plan asinaranse dous contratos programa con cada unha das universidades, o primeiro deles comprenderá os anos 2011-2012 e o segundo estará vixente nos anos 2013-2015. ... Estableceranse os obxectivos de mellora de cada universidade para cada unha das seguintes áreas de acción: -Adaptación ás necesidades sociais. -Docencia. -Investigación. -Transferencia de tecnoloxía. -Proxección internacional. -Responsabilidade social. -Xestión. -Campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra... O importe deste fondo nos anos de vixencia dos segundos contratos programa será, como mínimo, o equivalente ao 10% do total dos créditos destinados ao financiamento das universidades do SUG. ... Evolucionará consonte o índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da comunidade autónoma en cada un dos anos.

b) Subvención por resultados de investigación: ... Distribuiranse preferentemente mediante fórmulas de concorrencia competitiva. No exercicio 2011 o crédito destinado a este fin será de 38.011.995 euros. ... Evolucionará, durante a vixencia deste plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da comunidade autónoma en cada un dos anos.

c) Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica: ... convocatorias en réxime de concorrencia competitiva. Os créditos destinados a esta subvención no ano 2011 serán 7.210.313 euros. ... Evolucionará, durante a vixencia deste plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da comunidade autónoma en cada un dos anos.

III. Financiamento por mellora da calidade.

Recollerá actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas. No ano 2011 destinarase un crédito de 18.000.000 euros que será distribuído nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando ao Fondo Incondicionado do Plan de Financiamento do SUG 2005-2010... Nos exercicios 2012 a 2015 a repartición deste fondo vincularase ao cumprimento por parte das universidades dos compromisos incluídos nos plans recollidos na cláusula quinta (plans de sustentabilidade) deste acordo. En todo caso, primaranse criterios de eficiencia e eficacia na xestión económico-financieira, da propia planificación académica das universidades públicas, e as medidas que permitan compartir recursos entre as tres universidades galegas.”³⁸

Esta nova fórmula non resolveu o problema de financiamento das universidades, que cando se aprobou o plan era grave, debido a que non se estaban contemplando nas transferencias correntes os custes da adaptación ao EEES. Hai tamén un mapa de titulacións

³⁷ “Las universidades gallegas y la Xunta elaborarán un nuevo Plan de Financiamento, que prevé superar el 1% del PIB”, recollido de <http://www.europapress.es/galicia/noticia-universidades-gallegas-xunta-elaboraran-nuevo-plan-financiamento-preve-superar-pib-20071128151552.html> o 2 de xaneiro de 2015. No debate do plan na Comisión de Financiamento do Consello Universitario ponse de manifesto que o 1% é pouco ambicioso, xa que algunhas comunidades xa o superan en 2010. A representación do goberno defendeu, entendendo que se parte dunha situación do 0.74% e que o Parlamento fixou unánimemente ese obxectivo. Os vicerreitores e algún outro membro da Comisión denunciaron a insostible situación existente ata ese momento e solicitamos que o plan debe deseñar un sistema de cuantificación de custes de actuacións e funcións. Que é necesario ter en conta o punto de partida actual no que as tres universidades viven unha situación insostible, na que a aprobación dos orzamentos da UDC e UVigo foi posible grazas a aforros existentes (13 e 20 millóns de euros respectivamente) e no caso da USC recurriendo ao endebedamento. Extraído da Acta da Comisión de Financiamento e Investimentos do Consello Galego de Universidades, do 28 de abril de 2010.

³⁸ “Galicia: Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015”, recollido de <http://firgoa.usc.es/drupal/node/48250>, o 1 de xaneiro de 2015.

que se recortou coa entrada en vigor dos Graos, e que fai que Galicia siga sen ter moitas das titulacións que existen noutras áreas do Estado. Tampouco se contemplaron historicamente as necesidades de apostar polo I+D+i nas Universidades. Alberto Gago, Vicerreitor de Economía no segundo mandato de Domingo Docampo, e logo Reitor entre 2006 e 2010, facía esta reflexión nunha entrevista en 2008:

“Lo que puedo decir, porque yo era vicerrector de Economía, es que a nosotros nos costó Dios y ayuda. Entre 2002 y 2005, que fue el primer año del nuevo plan, no puedo explicar ni cómo sobrevivimos, bueno sí, algo vendimos. Vendimos la Escuela de Relaciones Laborales cerca de Plaza de España, subastamos las traseras del Rectorado, luego firmamos un convenio con el Concello para devolver el edificio antiguo del Rectorado a precio de coste.”³⁹

Deixa claro que a Universidade de Vigo vai equilibrando os seus orzamentos grazas á venda de infraestruturas, e aínda así non se considera totalmente satisfactorio o proceso de adaptación dos títulos ao EEES, máis asentado no voluntarismo de profesorado, PAS e alumnado que nun axeitado plano de financiamento.

A situación insostible para as Universidades foi posta de manifesto no Consello Galego de Universidades e no Parlamento por representantes do BNG, que se abstiveran a finais de decembro de 2004, cando se aprobou o plan. Lourenzo F. Prieto, representante no Consello Universitario naquel momento, refírese ao plan coma “un traxe novo, pero estreito”, cuxas costuras empezarán a romperse no momento en que teña que afrontar o reto máis importante no futuro inmediato: mellorar a calidade do ensino universitario galego para adaptalo ao Espazo Europeo de Educación Superior e Investigación.⁴⁰ No ano en que se aproba o plan vixente, Carme Adán, en nome do BNG criticaba uns orzamentos de Educación, que tiña especiais reducións en Política lingüística (27.7%), e en segundo lugar na Secretaría Xeral de Universidades (6.3%), dentro dunha redución xeral de todo o orzamento de educación, agás en transferencia ao ensino concertado que subía o 1%.⁴¹

Por esas datas, as análises que facía a agrupación nacionalista sobre a política universitaria dos 14 meses que o PP levaba no goberno, denunciaban un recorte de 36,5 millóns de euros, debido a que se deixaron sen executar 12 millóns de euros do orzamento de 2009, se reduciron os orzamentos para 2010 en 23,4 millóns de euros e se recortaron noutro millón de euros, no axuste realizado dos orzamentos galegos, en marzo de 2010.⁴²

³⁹ “Alberto Gago: ‘Adaptarnos a Europa y los nuevos retos de I+D requieren más financiación’”, (7 do 10 de 2008), entrevista en <http://www.laregion.es/articulo/ourense/alberto-gago-adaptarnos-europa-y-nuevos-retos-i-d-requieren-mas-financiacion/20081008101556066446.html>. Recollido o día 2 de xaneiro de 2015.

⁴⁰ Lourenzo Fernández Prieto, “Plano de Financiamento Universitario, un traxe novo pero estreito” (29/11/2004). Documento multicopiado para a Subcomisión de Ensino Universitario do BNG.

⁴¹ Carme Adán, “Breves notas sobre os orzamentos da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria”. Documento multicopiado para a Subcomisión de Ensino Universitario do BNG. (2010).

⁴² “Ante o novo plan de financiamento”, Documento multicopiado para a Subcomisión de Ensino Universitario do BNG. (abril de 2010).

Táboa III. Evolución dos principais conceptos orzamentarios, en exercicios de vixencia de distintos plans de financiamento

INGRESOS	1990 en Pts	1999 en pts	2006 en Euros	2012 en Euros
Transferencias correntes	1.940.830.520	9.253.647.000	111.980.867,54	114.464.231
Taxas	744.160.000	1.792.510.000	8.583.922,30	16.930.669
Outros	233.832.089	3.923.840.000	24.884.653,04	47.401.307
TOTAL INGRESOS	2.918.822.611	14.969.998.000	125.449.442,88	178.796.207
GASTOS				
Persoal	2.168.582.774	7.695.011.000	73.221.848,14	93.598.000
Gasto corrente	305.238.837	1.671.151.000	27.453.311,96	28.980.722
Equipamento/ Infraestruturas	400.000.000	5.274.683.000		44.439.559
Outros	45.001.000	329.153.000	25.915.827,12	11.777.926
TOTAL GASTOS	2.918.822.611	14.969.998.000	126.590.987,22	178.796.207
ESTUDANTES centros públicos	12406	27590	23728	19.941
Pts/Euros estudante	235.000	542.580	5335	8966

Que podemos salientar como positivo ou negativo do plan, desde a perspectiva das necesidades formuladas pola Universidade de Vigo? No positivo, semella que recolle na súa esencia varios dos aspectos máis reclamados por parte das universidades do SUG, como son a existencia de fondos ligados a resultados ou o reparto de fondos segundo variables obxectivas. En negativo, o obxectivo do 1% do PIB é insuficiente para 2015, entendendo que para esa data debe aproximarse ao 1.5%.; partir do gasto das universidades en capítulo I, no exercicio anterior, é sancionar a quen actuou con responsabilidade no gasto dese último ano; débese partir dun obxectivo de nivelación, combinando os termos absolutos (metros, alumnos, plantillas, campus, instalacións, etc.) cos relativos (taxas de éxito, taxas de abandono, plans de estudo acreditados, I+D realizada, etc.); finalmente, os contratos-programa deben ser específicos, en función dos obxectivos de cada universidade, aínda que as variábeis nas que se fundamenten deben ser transparentes e homoxéneas para as tres, con indicadores claros en docencia, investigación e xestión.⁴³

Visto hoxe con perspectiva, neste plan que está a piques de rematar, aprécianse recortes importantes na dotación de profesorado a tempo completo, na formación de investigadores e profesorado novo, así como unha política de investigación que se afasta de Europa, un mal común a outras universidades do Estado que provocou a nivel estatal importantes manifestacións en decembro de 2012. Nos indicadores dos contratos programas é moi positivo introducir como un valor irrenunciable a igualdade de xénero, pero hai un desprezo absoluto polo idioma galego, tanto na docencia como na investigación,

⁴³ "Comentarios da Universidade de Vigo ante o borrador do Plan de Financiamento das Universidades de Galicia, 2011-2015", (maio de 2010).

reducíndose o incentivo a unha pequena axuda a traballos científicos escritos e defendidos en galego. En fin, os procesos de avaliación de calidade, que teoricamente pretenden detectar o cumprimento dos obxectivos das universidades, convértense pola contra nunha custosa ocupación burocrática, que entretén ao profesorado máis activo, na organización de carpetas de evidencias en soporte informático e en papel, reducindo en moitos casos a función dos equipos directivos dos centros a esa labor burocrática, sen tempo para levar a cabo as innovacións deseñadas con tanto esforzo.

Campus, centros, titulacións, docencia, alumnado

A finais dos oitenta, estaba claro que Vigo acabaría por ter en breve prazo unha universidade, pois o incremento constante de universitarios, o propio crecemento da cidade, e a presión de certos sectores sociais e económicos da cidade, dábanlle forza á idea. Os estudos encargados en 1986 para planificar a universidade dos noventa, sinalaban un forte incremento da matrícula ata o fin do século, e aínda se quedaron curtos. As previsións para 1996 eran de menos de 80.000 estudantes, e a realidade foi que no curso 1997-98 pasouse dos 97.000 como sinalamos no primeiro apartado deste artigo.

A LOSUG permitiu responder a esas demandas da sociedade viguesa, creándose a nova Universidade, con sede en Vigo e con Campus en Pontevedra e Ourense. O primeiro previsible, e o segundo con máis sorpresa. Ourense non supuña boa compañía para ningunha das Universidades, pois contando con máis de 100.000 habitantes, e distante a máis de 100 quilómetros de calquera outra cidade, tiña uns estudos universitarios moi reducidos e sen responder ao perfil de especialización dos Campus que prevían os lexisladores. A Universidade de Vigo creábase con grandes problemas estruturais no campus central, e debendo atender tamén as demandas de Ourense, onde case había que empezar desde o principio a planificar.

En xaneiro de 1990 os centros e os recursos destinados nos tres Campus pasaban a ser a base sobre a que se constrúe a Universidade. Os 11 centros propios contaban cunha matrícula de 11.524 estudantes (8.769 en Vigo; 1.830 en Ourense; 925 en Pontevedra). Destes, 1.100 en Vigo e 419 en Ourense cursaban os primeiros ciclos impartidos nos Colexios Universitarios, e polo tanto serían os primeiros títulos a reconverter. Non foi doado, xa que primeiro había que completar o mapa de titulacións e logo elaborar os plans de estudos, e no caso de títulos novos non se tiñan referencias doutras universidades.

En Ourense foi posible completar con certa urxencia a titulación de Historia para crear a Facultade de Humanidades no curso 1990-91. Nela quedaron pendentes de extinción os primeiros ciclos de Pedagogía e Psicoloxía. Ciencias aínda funcionou un curso máis dentro do Colexio Universitario, ata a implantación da Licenciatura de segundo ciclo de Tecnoloxía dos Alimentos. Nese curso 1991-92 xa están en funcionamento as Facultades de Humanidades e Ciencias, que daban solución parcial ao problema da reconversión do Colexio Universitario. A elas engadíase unha Facultade de Dereito creada no 1990-91, e as dúas Escolas Universitarias de Maxisterio e Empresariais que entraran no mapa de se-

gregación. Nese curso comeza a funcionar tamén o centro adscrito de Enfermería. O mapa de titulacións complétase con Informática de Xestión no curso 1991-92, e coa reconversión definitiva do Colexio Universitario, implantando en 1994-95 as titulacións de Educación Social, Traballo Social e 2º ciclo de Psicopedagogía (dentro de Humanidades), e Industrias Agro alimentarias (dentro de Ciencias).

Pontevedra tivo máis doada a configuración do Campus, por non ter contado con Colexio Universitario. Nese período constituínte puido implantar as novas titulacións de Belas Artes (1990-91), Industrias Forestais (1991-92), Publicidade e Relacións Públicas (1993-94) e Fisioterapia (1994-95).

No Campus de Vigo, moitos dos títulos xa eran terminais, e outros podían triplicarse nas tres Universidades mantendo a mesma denominación, polo que o Colexio Universitario quedou transformado en Licenciaturas de Filoloxía Hispánica, Filoloxía Galega, Filoloxía Inglesa e Tradución e Interpretación (Facultade de Filoloxía e Tradución), e Química, Bioloxía e Ciencias do Mar (Facultade de Ciencias, que máis tarde se separará en tres Facultade co nome das titulacións correspondentes). Ademais da reconversión do Colexio Universitario, implantouse en Vigo unha segunda Facultade de Dereito, rama económico-empresarial.

Froito destas transformacións, a Universidade sumaba 880 alumnos máis no curso 1990-91, pasando a 12.406, e terminaba o primeiro período de implantación das novas titulacións no curso 1994-95 con 21.300, aos que hai que sumar os de centros adscritos, que tiveron o seu momento máis alto nese curso con perto de 4.000 estudantes.

O incremento de estudantes continuaría ata o fin do século, chegando case a 31.000 no curso 1999-2000, sendo de centros adscritos 3.356, e 27.590 de centros públicos. Aínda sen contar os 652 de terceiro ciclo.

A dimensión dos campus, tendo en conta o seu peso poboacional, tíñase equilibrado considerablemente, pois se no 1990 as porcentaxes eran de 74,1%, 19,2% e 6,7% respectivamente en Vigo, Ourense e Pontevedra, en 1999 tíñase pasado ao 62%, 27% e 11%. As cifras actuais supoñen que Vigo se mantén na mesma porcentaxe, mentres Ourense perde cinco puntos, pasando a 22,2%, que aumenta case na súa totalidade Pontevedra.

No último curso do século, tíñase ampliado o mapa de titulacións, coa implantación de Física, Administración e Dirección de Empresas e Enxeñería Informática no Campus de Ourense; Xestión e Administración Pública no de Pontevedra; e Enxeñería de Minas no de Vigo. Con posterioridade, pouco se moveron os mapas de titulacións en espera da adaptación das diplomaturas e licenciaturas aos Graos e Posgraos contemplados no EEES. Tan só se rexistra a implantación de Turismo en Ourense; Comunicación Audiovisual en Pontevedra; e dúas Enxeñerías técnicas de Telecomunicacións no Campus de Vigo (Imaxe e Son, e Sistemas de Telecomunicación). Asímesmo integrouse plenamente na Universidade, pasando a impartirse na Facultade de Dereito, a Diplomatura de Relacións Laborais.

TABOA IV. Evolución do número de estudantes e profesorado

Alumnado	1990-91	1994-95	1999-2000	2004-2005	2012-2013
Vigo público	9191	14500	17110	14602	10552
Vigo adscrito	1952	3457	2985	593	893
Ourense público	2381	4994	7425	5703	3763
Ourense adscrito	132	185	195	171	160
Pontevedra público	834	1806	3055	3423	2598
Pontevedra adscrito	177	175	176	171	390
Total público	12406	21300	27590	23728	16913
Total adscrito	2261	3817	3356	935	1566
Terceiro ciclo	90	335	700	1133	2928
Total estudantes	14766	25452	31646	25796	18907
Profesorado	597	996	1432	1542	1415
Ratio	21	21	19	15	13

Elaboración propia a partir de: Luís Espada, La Universidad de Vigo; Secretaría Xeral, Memoria 1999-2000; Consello Social, Memoria ano 2005; Secretaría Xeral, Memoria 2012-13. <http://uvigo.es> – Unidade de Estudos e Programas (2013)

Coa implantación dos graos e posgraos, a ratio docente/estudante baixou moi pouco con respecto ao plano anterior, a pesares de que máis de 2.000 estudantes son de master, e os grupos andan ó redor dos 20 estudantes. A baixada da ratio ata ese momento, a pesares do incremento de estudantes, ten que ver co recoñecemento que se foi dando a actividades de xestión e de investigación, que ocupan grande parte do tempo de adicación do profesorado, e non se viña contemplando suficientemente. Aínda agora non o é, como se pode ver na elevada ratio que se mantén. Nas titulacións do ámbito xurídico-social, onde se concentra unha porcentaxe maior do alumnado, a situación aínda é máis inxusta, por ter máis concentración de profesorado a tempo parcial, e polo tanto maiores responsabilidades do profesorado de tempo completo. De 238 asociados, 134 están neste ámbito xurídico-social. Por tanto esas cifras globais, aínda podían ser obxecto de análises máis pormenorizadas, para poder ter máis criterios de interpretación da evolución do ensino superior cara uns parámetros de calidade nas universidades galegas, en particular nos 25 anos da Universidade de Vigo.

Profesorado e investigación.

Os primeiros momentos das novas universidades foron para atender a crecente demanda de estudos superiores por parte da mocidade, e dotarse das infraestruturas para poder soportar esa actividade urgente.

Non menos importante era a dotación de prazas de profesorado, que se necesitaba para atender a actividade docente, pero ademais ía ser fundamental para dotar as univer-

sidades duns recursos humanos de investigación, que sinalasen o camiño polo que trazar o futuro da Universidade.

O profesorado transferido da Universidade de Santiago, por estar impartindo a súa docencia nos campus da nova Universidade, foron 434 (298 en Vigo, 102 en Ourense e 34 en Pontevedra). A precariedade era manifesta, pois daba unha ratio de case 27 estudantes por docente, que no Campus de Vigo ascendía a 30, sendo de 18 en Ourense, pero neste caso parcelada en pequenas titulacións pendentes de transformación.

A situación aínda é máis grave se temos en conta que moito dese profesorado está en formación, polo tanto centrado boa parte do tempo na elaboración da tese, e na participación en actividades investigadoras dos novos Departamentos e Grupos de Investigación. En moitos casos, aínda cun pé en Santiago, por non dispoñer de doutores en moitas áreas na nova Universidade de Vigo. Dos case mil docentes que hai no curso 1994-95, fixeron a súa oposición a funcionarios docentes, un total de 222 profesores e profesoras que ou ben ocupaban praza de interinos ou opositaron desde fóra da Universidade. Unha cuarta parte estaba acelerando a súa formación, e conquistaron praza, e moitos outros aínda continuarían a súa formación algúns anos máis.

Algunhas destas prazas de funcionariado, eran de titular de Escola Universitaria, para acceder a un posto de traballo con estabilidade, aínda que non se tivese rematado a tese. Outros non doutores que optaron por continuar a formación e non utilizar esa vía rápida de oposición foron cambiando de prazas de contratado en formación, moi polémicas por non estar contempladas na LRU figuras de profesorado que puidesen impartir moita docencia e ao mesmo tempo estar realizando a tese. Para esa figura estaban os axudantes, pero a capacidade docente era reducida dacordo coa propia lei.

Optouse por distintas solucións, e iso atrancou o propio proceso de aprobación dos primeiros Estatutos, xa que buscaba saída ao problema mediante a creación de profesorado propio.

No primeiro curso, a solución fora converter en profesorado a tempo completo, e por tanto sen os requisitos solicitados aos asociados, a categoría contractual de T3-P4. Nos cursos seguintes foi menos utilizada esta fórmula, recorrendo ás figuras contempladas na lei, de axudante de Universidade e de Escola Universitaria. Máis ou menos a metade do profesorado tiña este tipo de contratación durante esa primeira etapa constituínte; outro pequeno grupo eran os asociados chamados "típicos", por axustarse aos requisitos da lei, e menos da metade eran funcionarios. Entre estes, non era requisito para os Titulares de Escola Universitaria estar en posesión do título de doutor/a.

Con esta panorama desenvolveuse a Universidade de Vigo no período constituínte. Pasados 25 anos, conta cunha plantilla de profesorado moi idónea, e con importante capacidade investigadora. Para dar ese salto moitos dos recursos foron procurados fóra da Administración Autonómica. Durante moito tempo, o crecemento das necesidades docentes e de infraestruturas, fixo que os recursos públicos para a investigación fosen menores do necesario. Aínda nesas circunstancias, a Universidade de Vigo seguiu unha traxectoria

axeitada que a sitúa a día de hoxe entre as 15 primeiras a nivel estatal.⁴⁴ Na situación actual, en que caeu o número de estudantes, e non é necesario investir en novos espazos docentes, o investimento en investigación aumenta, a pesares dos recortes⁴⁵.

Mentres unha boa parte do profesorado centraba a maior parte do labor investigador na elaboración da tese de doutoramento, outros máis experimentados púñanse á fronte do proceso de constitución dos departamentos e de grupos de investigación, que pronto se consolidarían no panorama galego, estatal e internacional. Desde os primeiros meses, funcionaron 26 departamentos, que cumprían o requisito mínimo de sete investigadores a tempo completo. O Sector Xurídico-social era o máis numeroso con 11 departamentos, seguido do Tecnolóxico con 10, o Humanístico con 5, e o Científico con 3 departamentos. Isto da idea tamén da fragmentación dos campos de coñecemento no ámbito Xurídico-social que abrangue o Dereito, a Socioloxía e Ciencia Política, a Educación, a Psicoloxía, a Economía, a Publicidade, a Actividade Física. Necesariamente produciuse unha organización en pequenos departamentos, que contrasta co ámbito científico e o tecnolóxico, onde se foi a departamentos máis amplos e con grupos de investigación máis fortes, facilitado tamén pola existencia de Facultades con titulacións xa completas de primeiro e segundo ciclo. Esta circunstancia, no ámbito social, só se produce no mundo da Economía e a Empresa, onde xa se tiña conseguido a independencia dos títulos con respecto a Santiago.

A constitución dos Departamentos deu paso á organización de programas de doutoramento: 11 no curso 1990-91, e 16 no curso 1991-92⁴⁶. Comeza así a traxectoria de formación de doutores/as na Universidade de Vigo, con 99 candidatos o primeiro bienio, e 185 no segundo. Algúns dos programas deberon ser validados por convenios entre Universidades ao non ter Vigo implantadas as Licenciaturas que daban acceso a eses programas de doutoramento, como son os casos de Bioloxía, Química, Matemáticas ou Ciencias da Educación.

Ao longo da década dos 90, e ao abeiro dos Estatutos definitivos foise pasando de 29 a 42 departamentos, cun incremento especialmente importante no campo científico, froito da capacidade para formar doutores/as nun menor prazo de tempo, e da consolidación dos estudos completos nos Campus de Vigo e Ourense. Nas Humanidades só incrementan os tres Departamentos de Belas Artes; no Xurídico-Social mantense a cifra inicial; no Tecnolóxico súmase un; e no científico pásase de 3 a 11 Departamentos.⁴⁷ O alumnado de Terceiro Ciclo multiplícase por tres, chegando aos 652 no bienio 1998-2000, matriculados en 33

⁴⁴ Alberto Gago refírese ao informe do SCImago Institutions Rankings (SIR), en 2009, que sitúa a Uvigo no posto decimoquinto, entre as máis de 70 universidades españolas analizadas. (9 de novembro de 2009), <http://noticias.universia.es/vida-universitaria/noticia/2009/11/06/657630/alberto-gago-rector-universidad-vigo-ser-rector-es-reto-orgullo-veces-circunstancia-pero-no-profesion.html>

⁴⁵ Sara González e Alberto Vaquero estiman o crecemento da aportación da Xunta por resultados de investigación, no novo plan de financiamento, que pasaría dun 7% no plan anterior, a un 10%, subindo dos 21 millóns de 2005, a máis de 40 en 2012, a repartir entre as tres universidades galegas. Sara González e Alberto Vaquero, "El modelo de financiamento", 82-84.

⁴⁶ Luís Espada, *La Universidad de Vigo*, 222.

⁴⁷ Joaquín Rolland, "La Universidad de Vigo hoy", 134-137.

programas de doutoramento; uns estudantes que están no primeiro curso e outros no segundo do bienio anterior. A esa altura a defensa de teses andaba entre 40 e 50 por curso.

Eses non son os únicos indicadores do dinamismo da investigación. No balance que fai a equipa reitoral polo décimo aniversario, afirmase: “a nosa é unha das Universidades de España que máis recursos dedica a este fin. Este apoio redonda nunha produción científica crecente e nunha capacidade cada vez maior de obter recursos externos”. O financiamento propio pasou de 415 millóns de pesetas en 1991, a 1.346 en 1999, mentres que os recursos externos pasaron de 202 millóns a 1.567 millóns no mesmo período. Como dicíamos anteriormente, a recuperación dos referentes académicos foi unha das apostas do goberno de Domingo Docampo, e iso traducíuse en multiplicar case por dous o investimento en investigación, que en 1998 era de 725 millóns. A captación de recursos externos xa era importante na lexislatura anterior en que tiña pasado de 565 a 1.462 millóns nos catro anos⁴⁸. En 1997 eran 219 os grupos de investigación (126 do ámbito científico-tecnolóxico) e en 2000 eran 260, con máis de 800 investigadores/as nos primeiros ámbitos, e perto de 500 nos restantes.

Ademais do investido nas actividades dos grupos, a Universidade dotouse desde o primeiro momento de servizos e Centros de Apoio á Investigación, beneficiándose para iso dos fondos FEDER. Contábase antes coas concesións de partidas que cos terreos para construír os equipamentos. Xa en 1990 se obtiñan subvencións para construír Servizos Centrais de Investigación, aínda que se tivo que esperar a finais de 1992 para ter a parcela onde ubicalo. En 1993 xa se dotaba o edificio do CACTI de material de apoio científico por valor de máis de 300 millóns de pesetas. Novas subvencións procedentes deses fondos, permitiron apurar a construción de equipamentos tan importantes como o Edificio Politécnico de Ourense, no que se instalarían os novos laboratorios de Informática e Ciencias, e o edificio de Ciencias do Mar, como titulación estrela de Vigo. Sobre estas infraestruturas medrou en poucos anos a actividade dos grupos de investigación que se ían creando neses centros, tendo o CACTI como equipamento común a todos, que presta servizos aos grupos propios, e tamén ao exterior, tanto a outras universidades como ao mundo empresarial. Tamén se creou con fondos FEDER a OTRI (Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación).

A aposta polo I+D+i seguiu sendo forte xa no novo século, tal como sinalamos anteriormente. Os orzamentos da primeira década foron de incremento constante do I+D. No fin da década e coa baixa do orzamento polos recortes, a investigación seguía a ter prioridade. Gago iniciaba o seu mandato, indicando que a súa elección avala a aposta polo I+D+i da Universidade⁴⁹, e dous anos máis tarde centraba os seus obxectivos no Centro Tecnolóxico de Ourense, o módulo tecnolóxico industrial no Campus de Vigo, o novo CACTI, a cidade Tecnolóxica e o módulo biosanitario. Nos orzamentos para 2010, recóllense os máis de 5 millóns de euros en infraestrutura de investigación, e máis dun millóns en programas de

⁴⁸ Gabinete de Prensa e Comunicación, *Universidade de Vigo, 10º aniversario*, (Vigo: Servicio de Publicacións, 2000), 20.

⁴⁹ *El correo Gallego*, (25-05-2006).

apoio. En ingresos cífrase a consecución de recursos externos en máis de 19 millóns. Cando xa non se precisa máis cemento, cando o número de estudantes comeza a ser menor que a capacidade das aulas, a investigación é un dos desafíos máis importantes para a Universidade, que xa non conta só con profesorado para investigar, senón que o ano 2013, ademais do profesorado investigador, o número de investigadores era o seguinte: 266 de persoal de programas de investigación; 493 de persoal contratado con cargo a proxectos; 95 bolseiros/as de investigación en proxectos; e 23 de persoal técnico de programas de investigación.⁵⁰

Servizos á Comunidade, P.A.S. e Extensión Universitaria

Artellar unha relación de postos de traballo e deseñar os servizos correspondentes á comunidade –universitaria e non universitaria– tampouco foi labor fácil. As necesidades comezan xa no modelo de universidade única, con campus en todas as cidades, ao presentarse o problema da descentralización, xa que tería sentido que cada campus tivese información ao alumnado, e posibilitase a realización de certos trámites por parte do mesmo, como selectividade, preinscrición, solicitude de bolsas, matrículas, negociado de terceiro ciclo, intercambios, etc. Igualmente o profesorado e o P.A.S. debían ter acceso a moitos procedementos sen desprazarse do campus no que estaba destinado.

Necesidades que non se tiñan abordado antes da creación das Universidades dotando a cada campus dunha unidade de servizos centrais e un orzamento propio. As delegacións do Reitor só tiñan o apoio básico de secretaría e contabilidade. Faltaba por artellar todos os servizos que podían prestarse de maneira centralizada en cada campus. Aínda no período inmediatamente posterior á segregación, non estaba clara a estrutura dos servizos e a correspondente dotación de persoal. Comezou a funcionar a Universidade con sete traballadores/as en Comisión de Servizos, para labores inminentes de secretaría, xefatura de negociado, apoio administrativo, e conserxería/chofer. O curso 1989-90 aínda se fixo cargo Santiago, mediante un convenio, de boa parte da xestión, mentres se formaba o persoal necesario para exercer estas funcións de xeito independente.

Diversas publicacións do DOG en xaneiro e febreiro de 1990 van dando conta dos equipamentos, servizos e persoal integrado na Universidade de Vigo. Entre os servizos máis salientables estaban as Bibliotecas dos centros, Unidade de Servizos Informáticos, Aula Informática, unidades administrativas das Delegacións do Reitor, unidades administrativas de departamentos que tiñan sede nos Campus. Herdábanse uns servizos importantes, pero as carencias eran moitas máis, xa que outro tipo de servizos á comunidade estaban no Campus de Santiago e pasaban a ser da Universidade de Santiago, e ademais o Reitor fixaba en 25 docentes e 20 funcionarios o déficit co que botou a andar a docencia

⁵⁰ Universidade de Vigo, Unidade de Estudos e Programas, (Recuperado o 6 de xaneiro de 2015) http://uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudios-programas/20132014_UVI_en_cifras_RRHH_xGALx.pdf

e a administración,⁵¹ que tería sido imprescindible dotar antes da segregación, para non pasar os apuros iniciais.

En virtude do Decreto de segregación pasaron a formar parte da Universidade de Vigo 141 integrantes do PAS, dos que 42 eran funcionarios, 2 funcionarios interinos, 84 laborais fixos e 13 laborais contratados. Ata o ano 1993, aumentou a plantilla en 51 laborais e 70 funcionarios, aos que se suman as 20 prazas que xa deixara convocadas a Universidade de Santiago, 18 de auxiliares administrativos e dúas de auxiliares de servizos. Por tanto a finais do período constituínte duplicouse a plantilla do PAS.

Con isto xa se podía ir asumindo minimamente o funcionamento autónomo da Universidade, reforzando tanto a escala de xestión (15 dos funcionarios eran desa escala) como de servizos especializados á comunidade, pois a mediados de 1993 negociáronse prazas de persoal laboral para Deportes, Cultura, Laboratorios, Belas Artes e Biblioteca, e catro especialistas informáticos en 1994. Coas novas convocatorias de prazas de 1994, a plantilla, a finais dese ano, quedou en 150 funcionarios e 187 laborais. Un total de 337⁵².

A relación de postos de traballo pódese considerar que acadou un nivel aceptable para a oferta dos servizos básicos á comunidade universitaria no curso 1999/2000, coa seguinte estrutura: 258 funcionarios (5 grupo A, 51 grupo B, 108 grupo C, 92 grupo D e 2 grupo E); e 283 laborais (19 do grupo 1º, 5 do grupo 2º, 54 do grupo 3º, 127 do grupo 4º, 75 do grupo 5º, e 3 do grupo 7º), cun total de 541 integrantes do P.A.S.⁵³ Destes só nas bibliotecas traballaban 81, case tantos como o persoal laboral do ano da segregación. Tíñase producido igualmente un incremento considerable no persoal do capítulo VI, que pasou de 11 en 1995 a 328 en 1999. Esta cifra case multiplica por catro a do ano anterior. Aínda que este persoal financiado polo capítulo VI non se pode considerar P.A.S. por non estar incluído nas relacións de postos de traballo, e por realizar fundamentalmente labores de investigación, o dato pode servirnos para facernos unha idea da evolución da Universidade nas súas funcións de investigación e non só en atender a docencia e servizos destinados ao alumnado.

Servizos

Entre os servizos que se foron creando na Universidade de Vigo, ao longo dos 25 anos, ademais daqueles relacionados coa xerencia, loxística, persoal, xestión económica, seguridade, apoio á calidade e apoio á investigación, podemos referir os seguintes ámbitos polo seu impacto sobre o alumnado e a extensión universitaria: Alumnado (tanto o negociado de información como o de bolsas), Oficina de Relacións Internacionais, Oficina de Orientación para o Emprego, Centro de Linguas, Normalización Lingüística e Tradución, Publicacións, Biblioteca, Unidade de Igualdade, Oficina de Medio Ambiente e Extensión

⁵¹ Luís Espada, *La Universidad de Vigo*, 63.

⁵² *Ibid*, 341-345.

⁵³ Universidade de Vigo, *Memoria do curso 1999-2000* (Vigo: Secretaría Xeral, 2000), 73.

Universitaria. Nos campus de Pontevedra e Ourense, nos últimos anos, moitos destes servizos están centralizados na Área de Servizos á Comunidade de cada campus.

O Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudante (SIOPE) é un dos primeiros creados, fundamentalmente para a conexión co alumnado de Bacharelato demandante de prazas universitarias e participación nas probas de acceso, que seguen sendo comúns ás tres Universidades. Recentemente reforzouse a función de promoción, coa incorporación de servizos, en algúns casos externalizados, ou canalizados a través da Fundación, consistentes no apoio psicopedagóxico, na orientación para o emprego ou para o fomento de iniciativas empresariais.

O negociado de bolsas é un dos piares da universidade na súa función de garantir estudos universitarios, sen que a situación socioeconómica determine o seu éxito. As cantidades presupostadas pola Universidade no seu capítulo IV eran de 45 millóns de pesetas no ano 1990, que se foron reducindo ata o ano 1994, e logo experimentaron un crecemento considerable, ata chegar a 320 millóns no ano 2000. Aínda que boa parte desa dotación destínase a bolsas de comedor, transporte e formación complementaria dos estudantes en diversas áreas que implican colaboración en tarefas informáticas ou doutro tipo, empezan a entrar neste capítulo outros conceptos que explican eses incrementos, pero que non reverten no alumnado. No 2002, o capítulo IV pasa a contabilizar en euros a cifra de 2.350.000, e catrocentos mil máis no fin dese plan de financiamento no 2005. Este capítulo case se triplica no seguinte plan, aínda que a parte destinada a bolsas de estudos é de aproximadamente 2.215.000 no ano 2011. Nese capítulo de máis de sete millóns entran moitos outros conceptos relacionados con outro tipo de bolsas que non van destinadas a estudantes, e dentro das bolsas un dos conceptos que máis medra é o das bolsas de intercambio das que falaremos logo.

Por tanto, para facernos unha idea das bolsas de estudo, máis que as cifras globais dos orzamentos, podemos servirmos da porcentaxe de estudantes que reciben bolsa do MEC e bolsa de comedor. No curso 2010/11, fóronlles concedidas bolsas a 5.535 estudantes de case nove mil que solicitaron, e 518 de comedor, dos case dous mil que solicitaron. Un 26% aproximadamente contaron con bolsa do Ministerio nese curso. A evolución nos cursos seguintes foi de incremento de 300 bolsas no curso 2011/12, volvendo ás cifras anteriores no 2012/13, con pouco máis de 2600 (redución de máis do 4% tanto no número de bolsas como de diñeiro repartido que andivo ó redor dos 13 millóns de euros, cunha redución de máis de 500 mil nese último curso). Na achega propia da universidade para as bolsas destinadas a comedor, transporte e formación complementaria, a universidade mantén bastante estable esa cantidade por encima dos dous millóns douscentos mil euros.⁵⁴

En estreita relación co apartado de bolsas, está a Oficina de Relacións Internacionais que mantivo unha actividade crecente ao longo dos 25 anos. Dos case 200 estudantes que participaron en intercambios polo programa Erasmus, no curso 1999, pasouse a 646 en

⁵⁴ Universidade de Vigo, *Memoria do curso 2012-13*, (2014), 110 http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudiosprogramas/memoria_do_curso_20122013_Uvigo.pdf

2012. O orzamento para bolsas de intercambio da Universidade de Vigo é de 21 millóns de pesetas (pouco mais de 125000 euros), no ano 2000, pasando a 2.378.875 de euros en 2012.

En bolsas propias por convenios con América Latina e Estados Unidos, o incremento foi de 8 estudantes en 2000, a 87 en 2012, aos que hai que engadir os Erasmus prácticas que foron 32. O que da un total de 765 estudantes de mobilidade en 2012. Os principais destinos son Italia, Alemaña, Polonia, Portugal, Brasil e México.

Neses mesmos anos recibíronse 124 estudantes en 2000 (108 de Universidades europeas, e 16 de América Latina), pasando a 533 no ano 2012 (298 de Erasmus, 16 de Erasmus prácticas e 219 doutros continentes, fundamentalmente de América, aos que se engaden algúns de Marrocos, Taiwán, Xapón e outras áreas do planeta).

A atención ao alumnado na súa etapa de orientación cara o emprego realízase desde a OFOE, creada por convenio coa Xunta de Galicia a principio do século, e que realiza asesoramento individualizado, obradoiros de emprego e información de bolsas que supoñen unha iniciación práctica no mundo laboral. Moitas desas bolsas proceden de convenios con empresas e co Banco de Santander, polo que unha das funcións que máis se ten dinamizado desde a Fundación Universidade de Vigo é a sinatura destes convenios e a xestión das bolsas.

Un grupo novidoso de estudantes é o que participa do Programa de Maiores, implantado tamén a partir do 2000, e que conta nos últimos anos con máis de 250 participantes, nos seus dous ciclos de 3+2 cursos.

A preocupación recente pola formación en idiomas estranxeiros ten dado lugar á creación do Centro de Linguas, que oferta cursos e probas de idiomas aos membros da comunidade universitaria, con atención especial a aqueles que participan de intercambios. Normalmente impártense cursos de 45 horas de diversos idiomas, e a diferentes niveis ou áreas competenciais. A oferta dos diferentes cursos inclúe entre 8 e 10 idiomas diferentes e conta cunha matrícula superior aos 1.500 estudantes, no ano analizado. Outros 600 aproximadamente participan anualmente nas probas libres de certificación do nivel que se posúe dun idioma.

O idioma galego e a súa normalización foi unha aposta desde o primeiro momento, aínda que como servizo nunca tivo a dimensión que sería de esperar no fomento e formación no idioma propio do país. Primeiramente, por convenio coa Xunta de Galicia, había un especialista en comisión de servizos. A partir do ano 2000, anulase ese procedemento, pasando unha etapa de provisionalidade, coa creación dun área de normalización lingüística, na que a dirección correspondía a un profesor de Filoloxía Galega e no que colaboraban estudantes-bolseiros. A situación da xestión mellora na última lexislatura en que se nomeou un director da área e dúas técnicas destinadas ao servizo de forma interina. Continúa o apoio de bolseiros. O que non mellora é a aposta pola normalización, pois, se ben é certo que boa parte do persoal utiliza o galego voluntariamente e por militancia, non existe unha normativa de uso, o que deixa o voluntarismo como opción na docencia e

investigación. Ese voluntarismo ten lixeira recompensa económica a autores e autoras de TFG, TFM ou teses en galego, que se converte en sanción se persiste na idea de publicalo en editoriais ou revistas en galego. Ningunha revista en galego cotiza no mercado, e os libros son valorados en méritos de investigación máis ou menos nun terzo dos publicados en editoras españolas, ou a cuarta parte de editoras chamadas internacionais. Longo camiño queda pois por andar para unha normalización, que require medidas de igualdade e aínda de discriminación positiva para que nun futuro sexan de igualdade. Os labores de asesoramento, formación e dinamización que actualmente realiza non terán os seus efectos, se non se inviste na posta en valor do idioma propio.

Algunha contribución ten feito nesta dirección o Servizo de Publicacións, pois boa parte da súa produción está en galego, tanto monografías, actas de congresos, manuais de certas materias, e mesmo algunha revista que foi promovida fundamentalmente en ámbitos humanísticos e sociais. Ten publicados máis de 300 títulos de libros desde o ano 1993 en que se creou. Unha das achegas importantes é a edición das teses en CD-ROM. Pasou igualmente un período de dirección a cargo dun profesor, e actualmente ten a dotación de unha xefa de negociado e un auxiliar na escala de PAS. Aínda que a súa contribución ao fomento do galego na investigación ten sido constante, non pode cumprir a súa principal función de ser difusor da investigación xerada na Universidade, pois a publicación no Servizo de Publicacións das Universidades tampouco é un aspecto puntuado axeitadamente nos criterios de produción científica.

No labor de facilitar materiais de consulta a profesorado, investigadores/as e estudantes, o papel da Biblioteca ten sido fundamental ao longo dos 25 anos, pasando do modelo de Biblioteca en cada centro, a un modelo de Biblioteca central, no que forman unha unidade as 12 Bibliotecas coas que conta a rede neste momento. O edificio central de Vigo acabou de construír no ano 2000, e desde entón centraliza a xestión, mantendo postos de lectura nos centros e sedes en Facultades e Escolas do Campus de Lagoas Marcosende, en Torrecedeira, en Belas Artes de Pontevedra, e sedes centrais en Pontevedra e Ourense. Nalgunhas das sedes realizase apertura nocturna en períodos de exames. Ademais do libre acceso e lectura en sala e servizo de préstamo, a Biblioteca ofrece un catálogo informatizado para localizar tanto recursos da propia biblioteca como doutras, para acceder a préstamo interbibliotecario. O uso das novas tecnoloxías permite ademais incrementar de maneira considerable a consulta de libros e revistas electrónicas, beneficiándose, desde o curso 2004-05, da coordinación das Bibliotecas universitarias galegas dentro do Consorcio Bugalicia⁵⁵. Nese curso duplicouse o número de títulos contratados pasando de 3.146 a 6.307, sen contar aquelas revistas que ofrecen o texto completo a través das bases de datos que sería outra terceira parte máis. Os recursos totais que xestionou a Biblioteca superan os 600.000, entre libros, revistas, e outros materiais impresos, sonoros e audiovisuais.

⁵⁵ Universidade de Vigo, *Memoria 2004-2005* (Vigo: Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, 2005), 86.

A Unidade de Igualdade e a Oficina de Medio Ambiente son servizos de creación máis recente, e supoñen a aposta da Universidade polos Dereitos Humanos de Terceira Xeración, xunto con algunha outra acción que se desenvolve no Área de Servizos á Comunidade, en relación co voluntariado e a solidariedade. A Oficina de Medio Ambiente funciona desde o 2000, sendo a súa actividade principal a xestión de residuos e recursos, promovendo o respecto ao medio natural. A Unidade de Igualdade constituíuse no curso 2010/11, substituíndo á Área de Igualdade que viña funcionando desde anos antes, para aumentar a súa actividade, adaptándose así á Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.⁵⁶ A Área de Igualdade tiña entre as súas competencias a xestión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, mentres que o novo servizo pon en funcionamento máis recursos propios da Universidade para avanzar no fomento da igualdade, tanto na docencia e na investigación como no labor de Extensión Universitaria. A introdución da perspectiva de xénero nas eleccións a órganos colexiados, na composición de grupos de goberno, ou nos tribunais de teses e oposicións, son algúns dos logros que se consolidan entre a comunidade universitaria. O traballo ó redor do día 8 de marzo, ou do Día da Violencia de Xénero, están a ser citas importantes para formar e sensibilizar á poboación en torno aos dereitos de convivencia en igualdade.

O Servizo de Extensión Universitaria

A Universidade de Vigo, que naceu nas condicións de precariedade que antes sinalamos, tivo na creación e difusión cultural un dos seus ámbitos de interese desde o primeiro momento. Non obstante, nesas circunstancias a actividade de Extensión Universitaria ten tamén as súas carencias, ao non ser unha das prioridades a afrontar na nova universidade. Froito diso é a pouca referencia que fai o primeiro Reitor no seu balance de xestión. Sinala Espada como salientable a firma de 27 convenios con entidades para accións de carácter académico, económico, social e de formación do alumnado, e oito máis específicos para actividades culturais e deportivas. O máis visible a nivel exterior eran os cursos de verán realizados por toda Galicia e norte de Portugal, chegando nalgunha edición a 40 eventos. Ademais os centros e departamentos realizaron neses catro anos en torno a 50 ciclos de conferencias, seminarios ou congresos. Iniciouse tamén unha política de actividade deportiva, cunha xestión que descansaba en boa medida nos centros. O período constituínte caracterízase polo tanto por unha actividade de extensión universitaria dispersa entre as diferentes vicerreitorías e centros, sen dotarse dun servizo específico.

Na seguinte lexislatura, con máis vicerreitorías, hai unha específica de Relacións Exteriores, que tentaba incrementar a oferta cultural, seguindo os demais aspectos da Extensión Universitaria espallados por outras vicerreitorías, especialmente a de estudantes, que se ocupaba de deportes e residencias. Dótase o servizo de deportes, con tres administrativos e catro técnicos, polo que a xestión deportiva pasa a ter a mínima infraestrutura de recursos humanos, o que non acontece con cultura e outras áreas importantes da

⁵⁶ Universidade de Vigo, *Memoria do curso 2010-11* (2011), 122.

Extensión Universitaria, que só tiñan persoal administrativo, e ningún técnico especialista: o seu labor limitábase á xestión de convenios, cursos de verán – cunha soa administrativa contratada os meses do verán – e xestión de actividades culturais organizadas de xeito centralizado ou ben subvencionando solicitudes dos centros e asociacións de estudantes. Creábase nesa etapa o Coro, unha Orquestra de Cámara e tentaba organizarse minimamente a formación teatral, con escaso impacto na comunidade universitaria e no exterior.

A Extensión Universitaria tal como está estruturada hoxe na Universidade de Vigo comezou a organizarse no ano 1998, consolidando o servizo de deportes, e tentando vencellalo cos aspectos lúdicos e culturais, ademais do ámbito competitivo no que se viña desenvolvendo. Os roteiros culturais foron a principal iniciativa nesta dirección, e seguen a ter moita importancia. O primeiro serviu para preparar tres días de andaina polo Camiño de Santiago desde Ourense, e tivo continuidade por espazos de alto valor natural e cultural de Ourense e de Galicia. Puideron dotarse ademais dúas prazas de técnicos superiores para o ámbito da cultura. Desta forma, a xestión e a promoción da cultura pasou a estar máis profesionalizada, non dependendo xa do voluntarismo e acción dispersa de membros da comunidade universitaria.

Con estes recursos humanos e a crecente dotación de infraestrutura material, foise artellando unha actividade de Extensión Universitaria, que se definía deste xeito na publicación conmemorativa dos primeiros 10 anos da Universidade: “contéplase a elaboración dun censo de asociacións e axentes culturais, estimulando a aqueles grupos máis activos no ámbito do teatro, a música, a literatura ou a cultura popular, para que dirixan a súa acción cara a dinamización cultural do territorio: aldeas, barrios, espazos de interese histórico-cultural, zonas con equipamentos infrutilizados”.⁵⁷

Desde esta concepción da extensión universitaria, as accións que se puxeron en marcha e sentaron as bases dos anos sucesivos foron:

- a) Maior descentralización de actividades ás Facultades e Escolas, algo que co tempo levaría tamén a descentralización por campus, a través das Vicerreitorías que se crearon en Ourense e Pontevedra
- b) Convenios con Consellerías, Deputacións e Concellos para promoción de Información Xuvenil, Normalización Lingüística, Voluntariado, Aulas de Miores, Cursos de Verán e outras actividades culturais e deportivas, entre as que se poden salientar as Semanas de Cine Submarino que na X edición estaba dedicada á conmemoración dos 300 anos da batalla de Rande, e a MITEU, que convocou, no 2000, a grupos de teatro de cinco continentes, e pasou a ser a actividade cultural con máis impacto nos tres campus a partir dese momento.
- c) Convenio con Radio Ecca para o achegamento dos xoves á produción e realización de programas radiofónicos; convenios con Conservatorios públicos para a realización de concertos e outras actividades musicais nos Campus.
- d) Coordinación con Universidades Galegas e Portuguesas e coa UIMP, a través de Xogos Galaico-Durienses, Cursos de Verán e outros proxectos culturais; colaboración con outros niveis educativos nesta mesma liña a través da participación no traballo transfronteirizo de Ponte nas Ondas.

⁵⁷ Gabinete de Prensa e Comunicación, *Universidade de Vigo, 10º aniversario* (Vigo: Servizo de Publicacións, 2000), 26.

e) Institucionalización das Xornadas de coordinación cos Departamentos de Orientación dos centros de secundaria de Galicia, para a información e orientación a estudantes.

f) Ampliación dos ámbitos de formación a través de Aulas e Obradoiros de Extensión Universitaria: teatro, música, radio, comunicación coa comunidade xorda, creación literaria, sexualidade, gastronomía, fotografía, saúde, interculturalismo, técnicas de estudo, procura de emprego, etc.

g) Achegamento ao labor das Fundacións e colectivos que manteñen viva a memoria de intelectuais galegos ao longo do tempo: Rosalía, Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Losada Diéguez, Chamoso Lamas, Peña Novo, Luís Acuña, Faustino Santalices, Blanco Amor, Blanco Torres e un longo etc.

h) Dinamización do mundo rural, a través de Cursos de Verán en vilas e pequenas localidades, así como a colaboración na posta en valor da realidade histórica que foi o Couto Mixto na raia galego-portuguesa. O inventariado e posta en valor do patrimonio inmaterial tería un pulo extraordinario, co respaldo da Xunta de Galicia durante os anos do goberno bipartito, en que se puxo en marcha o proxecto Ronsel, do que hai constancia no web da Universidade.

Estas son as liñas de actuación que sintetizamos nunha investigación realizada no ano 2000⁵⁸, e que, como indicamos, serviu de base para a programación posterior de Extensión Universitaria, con máis énfase nunhas ou outras liñas.

Foi ese ademais un ano de aposta pola extensión universitaria nos orzamentos, que evolucionaron tal como reflectimos na táboa V.

Táboa V. Crecemento do orzamento de Extensión Universitaria en relación coa previsión xeral de gastos

Gastos	1990	1998	2000	2010	2013
Xerais	2.918.822.611	10.935.782.000	78.662.177	167.903.853	178.796.207
E. Universitaria	25.500.000	101.500.000	1.224.395	3.968.742	4.007.152
%	0.87%	0.81%	1.56%	2.38%	2.2%

Elaboración propia a partir dos orzamentos de cada ano e do estudo realizado no ano 2000. 000, (Cid et al. 2000)

Debemos ler as cifras coa precaución que require o feito de que se inclúan máis ou menos conceptos dentro do capítulo. De feito, consideramos o que aparece especificamente nos orzamentos como Extensión Universitaria e ademais o epígrafe de Cursos e Conferencias. Sinalar tan só que no ano 2000 a partida de Extensión Universitaria é máis do dobre que a partida de Cursos, mentres que no último orzamento considerado, 2013, a partida de Cursos e conferencias lévase tres millóns, mentres que o específico de Extensión Universitaria é de menos dun millón.⁵⁹

Capítulo aparte na Extensión Universitaria é a política de residencias. Neste senso podemos considerar que as disponibilidades económicas foron sempre un lastre para a prestación dun servizo axeitado. Comezouse por convenios con entidades privadas da

⁵⁸ Xosé Manuel Cid e outras, "Evaluación de la política de Extensión Universitaria en la Universidad de Vigo", en *Evaluación de Políticas Educativas*, eds. Luis Núñez Cubero e outros (Huelva: Universidad de Huelva, 2001), 97-99.

⁵⁹ Ver Orzamento 2000, *Diario oficial de Galicia* (22 de febreiro de 2000) e *Memoria do curso 2012-13*, http://uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/estudos-programas/memoria_do_curso_20122013_Uvigo.pdf

hostalería local, coa Ensenada en Vigo e Peregrina en Pontevedra, e con habilitación de equipamentos cedidos por organismos públicos (Celso Emilio Ferreiro en Ourense, e Renfe en Vigo). Nos primeiros casos os prezos eran elevados e o funcionamento dependente do criterio empresarial, con escasa capacidade de incidencia da Universidade, mentres que nos segundos, a xestión correspondía á Universidade, pero sen ningún tipo de dotación de persoal técnico ou administrativo para a dirección pedagóxica e a xestión, polo que os criterios eran os da oferta privatizada do servizo, e a formación pedagóxico-cultural inexistente.

Unha experiencia de reducido impacto cuantitativo, pero cunha visión moderna interesante, foi a posta en marcha en 1999 do complexo residencial ALCAL por convenio co Concello de Allariz, que permitía a residencia en apartamentos de dúas persoas no casco histórico da fermosa vila alaricana. Só se construíron 20 prazas e non tivo moita continuidade, debido a que en poucos anos se fixo a aposta de conceder a RESA a construción de residencias en Vigo e Ourense, dentro do macroproxecto de Cidade Universitaria. Voltamos á xestión privada, cunha certa mellora na prestación do servizo da que houbo nos primeiros anos, pois non era difícil de mellorar, pero co problema engadido do conflito urbanístico en Ourense, que levou recentemente ao peche da residencia construída neste campus. Polo que o aloxamento da maioría dos estudantes depende da voracidade do libre mercado, e só as bolsas de estudos que inclúen residencia, permiten a certos sectores da sociedade acceder á universidade sen a discriminación por razóns socioeconómicas ou de lugar de nacemento.

Reflexións finais

Este percorrido polos 25 anos da Universidade de Vigo abre a porta a análises máis fondas e con máis perspectiva histórica, a medida en que deixe de ser actualidade a maior parte das dimensións aquí analizadas.

Non obstante, esperamos ter situado no marco histórico esta etapa da Universidade de Vigo, como un esforzo de superación dos atrancos iniciais da segregación, de redución da discriminación histórica que sufría o Campus de Ourense, integrado nesta Universidade, de achegamento da Universidade galega a parámetros medios do conxunto do estado, non só na captación do alumnado, senón tamén no apoio á investigación. Ademais da aposta da Universidade, os grupos de investigación lideraron o proceso de captación de importantes recursos externos.

Nos primeiros anos, abondaba con dar resposta á crecente demanda de acceso á Universidade, que chegou ao final do século a superar os 30.000 estudantes. Na década seguinte, a posta en marcha dos novos graos e posgraos, no proceso de converxencia europea, foi un dos esforzos máis considerables nos últimos tempos no conxunto das universidades, na que certos criterios pedagóxicos de aprendizaxe significativo parecen estar asumidos polos máis diversos ámbitos do coñecemento, e iso levou a reducir os grupos e facer unha aposta orzamentaria que quedou por debaixo das previsións e das expectativas nesta última etapa de recortes.

Restará tamén, no plano da investigación, unha maior reflexión sobre o papel da investigación nalgúns ámbitos sociais e humanísticos, nos que a rendibilidade non é inmediata, e que están quedando en precario debido aos criterios economicistas e de competitividade mal entendida. Corre o risco de quedar postergado, ao fío destes discursos, o afondamento no coñecemento da propia realidade cultural, histórica, lingüística e noutras áreas que non responden a estes criterios, e polos que tanto loitaron os intelectuais galegos ao longo da historia, ben desde a Universidade ou desde outros foros de investigación como a Xeración Nós, as Irmandades da Fala, ou o Seminario de Estudos Galegos entre outros. Afondar no coñecemento da propia realidade e normalización lingüística piden con urxencia unha revisión das políticas universitarias nestes eidos.

A presenza da Universidade nas cidades foi en aumento tamén, sendo motor de iniciativas en moitos dos eidos da cultura e da difusión do coñecemento científico, e recollendo tamén o dinamismo social para traer aos campus moitas das boas prácticas que realizan as institucións, tecido empresarial, organizacións non gobernamentais, asociacións, fundacións, e cidadáns creadores nos máis diversos ámbitos da acción social. O nomeamento de doutores/as Honoris Causa contribuíu enormemente a esta proxección social da Universidade, figurando ao lado de autoridades mundiais nos distintos ámbitos de coñecemento, personalidades da cultura galega, case sempre escollidas con maxistral criterio: Filgueira Valverde, Illa Couto, Fernández del Riego ou Ferrín son bos exemplos.

